Por unha banda, a elevada sobrecarga física para estas profesionais impide fixar o cadro de persoal deste hospital, condicionado pola renovación constante deste persoal traballador.

Pola outra, tal e como teñen denunciado as organizacións sindicais, as condicións laborais están a provocar denuncias no comité de seguridade e saúde debido ás lesións músculo-esqueléticas das/os profesionais que se poderían evitar e/ou diminuír





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de adoptar medidas ao respecto como aumentar o número de profesionais que faciliten mobilizacións de doentes con maior seguridade.

Finalmente, tamén se presentaron denuncias en inspección de traballo pola deficiencia do material sanitario, moi deteriorado, que a Xerencia non renova, que dificulta aínda máis o traballo das/os profesionais, incrementando as cargas físicas, ou derivadas de decisións como habilitar a terceira cama nas habitacións que provoca inseguridade, por falta de espazo suficiente, tanto para pacientes como para profesionais do coidado da saúde.

No entanto, a Xerencia ignorou estas demandas do persoal, reflectidas en varias xornadas de protesta, optando pola falta de diálogo da Xerencia ao non convocar o órgano de representación para negociar as demandas solicitadas.

Para alén disto, a unidade de cirurxía deste hospital tamén presenta un déficit importante de profesionais, entre o que se destaca que non dispón de celador.

En canto á dotación de persoal de enfermería e celador/a, o distrito sanitario da Coruña é o de peor ratio en comparativa co resto do país, algo ben constatado nun hospital como o Abente y Lago.

A infradotación destas dúas categorías profesionais por parte do SERGAS non se comprende máis que como unha política de desatención derivada dos recortes e desmantelamento dun servizo público fundamental como é a sanidade. Un aforro que restrinxe o dereito de acceso en igualdade para o coidado da saúde tanto para pacientes como para profesionais sanitarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Ten previsto a Xunta ampliar a dotación de profesionais TCAEs e celadores no Hospital Abente y Lago da Coruña co obxectivo de garantir unha sanidade pública de calidade para pacientes e profesionais sanitarios?

. En que prazo?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/03/2023 10:53:15

Iria Carreira Pazos na data 10/03/2023 10:53:20

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2023 10:53:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As convocatorias que realiza o goberno da Xunta para a incorporación de xoves agricultores e agricultoras, son se cabe, das máis importantes porque poden marcar a diferenza entre dotármonos dun rural cun sector primario produtivo en torno ao cal se coide o medio de modo natural e se implante poboación, ou ben un rural en aínda peores condicións co actual.

O relevo xeracional vese comprometido polo desprestixio e as dificultades coas que se atopan os e as actuais agricultores e gandeiros, o custoso que é manter as súas granxas abertas, etc, tamén inflúe a falta de apoio público nos plans (que debería ser o que máis medios ten para realizar plans viábeis para estas empresas) e no acompañamento posterior máis alá do período legal requirido para o cobro das axudas.

Todos os anos, a maiores, a xente que decide facer o esforzo e incorporarse á estas actividades ou incluso a mellorar as súas granxas, xunto coas persoas e entidades que asesoran, tramitan e acompañan no proceso atópanse coas mesmas dificultades en relación coa propia orde pola que se convoca e o seu modo de funcionar:

- Non se actualizan de xeito automático en cada anualidade os prezos dos módulos da norma complementaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non se realiza unha xornada previa á saída da orde de axudas para dar a coñecer o contido ás unidades xestoras.

- Segue sen implementarse un teléfono de atención cidadá específico para aclarar as dúbidas.

- O programa de tramitación (Melles) para esta orde de axudas segue dando moitos problemas e incidencias.

- O prazo dun mes para a tramitación é moi escaso sempre, tendo en conta o enorme volume.

- O mesmo sucede co prazo no que se requiren as licencias administrativas dos proxectos das subvención, habitualmente o 15 de setembro e puntualmente ampliado ata o 15 de outubro. Organismos como a confederación hidrográfica provocan efecto embudo ata o punto que en ocasións se renuncia a seguir coa tramitación da axuda pola imposibilidade de obter os permisos e licencias a tempo para a Consellería de Medio Rural.

- Hai un déficit de coordinación entre os distintos organismos encargados de marcar e transmitir os criterios dando a impresión de que en realidade falta unificación nos mesmos.

-O servizo de explotacións agrarias e a Dirección Xeral de Oficinas Rurais segue sen ter en conta as propostas da Asociación de asesores rurais de Galicia para a mellora das bases de cada convocatoria anual.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o goberno da Xunta atender as demandas do sector para que modifiquen o sistema de convocatoria desta axuda e máis o aplicativo pola se que tramita?

Van poñer orde nas convocatorias e resolucións de modo que se resolva a primeira antes de sacar outra?

Van facer convocatorias anuais neste próximo período para evitar o atasco que se produce cando queda algún ano en branco?

Que tipo de melloras se precisan na dirección e coordinación entre os organismos públicos e privados co Servizo de Explotacións Agrarias e a Dr Xeral de Oficinas Rurais?

Consideran que están facilitando o máximo posible as axudas ás novas incorporacións?

Que previsión de incorporacións teñen para este período 23-27?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/03/2023 10:18:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/03/2023 10:18:34

María González Albert na data 13/03/2023 10:18:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª** sobre a situación da fábrica de Tableros Hispanos S.L.U en Nadela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tableros Hispanos S.L.U. é unha empresa establecida en Nadela, concretamente en San Xoan de Pena, nas aforas de Lugo.

A empresa está adicada á transformación de madeira. Debido aos produtos químicos que utiliza (formaldehído, colas etc.) así como pola súa proximidade a núcleos de poboación esta clasificada como “potencialmente contaminante”.

Para realizar a súa actividade Tableros Hispanos necesita dunha Autorización Ambiental Integrada (AAI) outorgada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e que para a súa concesión precisa un informe preceptivo e vinculante da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, (CHMS).

Esta empresa comezou a súa actividade no ano 2014, e no 2015 a Consellería de Medio Ambiente outorgoulle a AAI (2015-IPPC-I-0054), renovándolla no 2019 (AAI-2019- IPPC-M-29). Segundo a información que foi trasladada ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego, tanto a AAI como a súa renovación foron concedidas con todos os informes, (desde o 2016 até o 2022) da CHMS negativos, advertíndolles de que non posuían autorización de verquidos, xa que as instalacións non reunían os requisitos mínimos. Malia todo, a empresa leva funcionando 8 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Bloque Nacionalista Galego reunímonos coa Asociación de Veciños do Vilar, residentes a menos de 1 quilómetro da fábrica, pois veñen denunciando desde hai anos e reiteradamente os altos niveis de ruído por riba dos parámetros legais e as emisións de fumes que padecen nas súas vivendas por mor da actividade de Tableros Hispanos. Porén, até o momento a administración público non adoptou ningunha medida ao respecto.

De igual maneira, a veciñanza denuncia a contaminación do aire que, segundo informaron, está a producirles graves molestias como escozor e inflamación nos ollos e vías respiratorias.

A Asociación de Veciños do Vilar solicitou reiteradamente unha instalación dunha estación de control de calidade do aire, que a Xunta quedou de instalar pero non dixo data concreta nin quen a vai instalar. Nesta situación pediuse medición diaria das partículas PM10 e PM2,5, e sobre isto téñense en conta as medicións da empresa pero non se fai un control por parte da Administración.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación na que se atopa a empresa Tableros Hispanos?
- Cóstanlle ao Goberno galego as denuncias por parte da veciñanza da zona?
- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza ao respecto?
- Fai a Xunta os controis necesarios sobre esta planta de produción para velar polo cumprimento da normativa?
- Que controis realizou a Xunta, cando e con que resultados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2023 12:21:33

Alexandra Fernández Gómez na data 13/03/2023 12:21:38

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2023 12:21:47





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Goberno galego está a impulsar o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, un ambicioso proxecto estratéxico que contempla a posta en marcha de novos centros de saúde, así como a ampliación e reforma doutros, coa finalidade de completar o novo mapa destes servizos sanitarios en Galicia.

Este plan é froito dun proceso de diálogo coas Delegacións Territoriais da Xunta para canalizar as principais demandas desde o ámbito local, desenvolvéndose, con este obxectivo, así como unha serie de xuntanzas con alcaldes e alcaldesas que expuxeron as necesidades sanitarias da súa poboación, contrastadas, posteriormente, coas formuladas polas áreas sanitarias.

Nun exemplo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e as Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Infraestruturas, a través do Instituto de Estudos do Territorio, elaborouse un mapa de isócronas fundamental para detectar as áreas de maior poboación máis afastadas dun centro hospitalario e, por tanto, candidatas á instalación dun Centro Integral de Saúde, traballo que identificou a comarca do Deza (na que xa está en execución este Centro) xunto coas de Bergantiños, Morrazo e Baixo Miño, para as que este Plan ofrece alternativas.

Na denominada como “fase 1” abórdanse varias actuacións que teñen a consideración de máis urxentes en atención a criterios técnicos e necesidades asistenciais e na que está prevista a remodelación integral e ampliación do centro de saúde de Carballo para acoller un Centro Integral de Saúde que dea servizo a toda a comarca de Bergantiños.

En consecuencia, a dotación desta instalación sanitaria para o concello de Carballo é unha das prioridades do departamento autonómico de Sanidade para o que resulta condición previa e indispensable que o Concello poña a disposición do Sergas unha parcela anexa ao actual centro de saúde que cumpra os requisitos necesarios para a súa conversión nun CIS.

A parcela deberá ser cedida gratuitamente polo concello de Carballo e estar libre de calquera tipo de cargas ou gravames. Unha vez que a Administración sanitaria pública galega teña a súa disposición a parcela referida, poderá comezar coa licitación





da obra de construción desta infraestrutura sanitaria, que marcará un antes e un despois na atención primaria que beneficiará aos bergantiñáns e bergantiñas.

O SERGAS ten un compromiso para ampliar o centro de saúde de Carballo, en máis de 1800 m², para albergar máis consultas na área clínica e de diagnóstico e a súa transformación nun CIS cunha área integral da muller, de rehabilitación e a creación dunha área integral de hemodiálise para 25 postos de diálise.

A Xunta de Galicia ten planificada unha substancial mellora dos recursos de atención primaria para a Comarca de Bergantiños a través da implantación dun Centro Integral de Saúde no concello de Carballo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que situación se atopa o proxecto de remodelación integral e ampliación do centro de saúde de Carballo para acoller nel un Centro Integral de Saúde?
- 2.- Ten o Servizo Galego de Saúde algunha previsión de prazos da posta a disposición por parte do concello de Carballo dos terreos necesarios para a ampliación do Centro de Saúde actual nun Centro Integral de Saúde?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/03/2023 12:47:16

María Corina Porro Martínez na data 13/03/2023 12:47:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/03/2023 12:47:45

José Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2023 12:48:01

Noelia Pérez López na data 13/03/2023 12:48:14

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 13/03/2023 12:48:31

López Sánchez, Rosalía na data 13/03/2023 12:48:42

Raquel Arias Rodríguez na data 13/03/2023 12:48:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a capela de Santa María no concello de Outeiro de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A capela de Santa María, situada no lugar de Bravos (Vicinte) no Concello de Outeiro de Rei, figura como unha construción senlleira dentro da arquitectura relixiosa deste municipio.

A súa importancia é considerada de tal modo por diversos investigadores que estudaron este ben patrimonial, entre os cales cómpre citar especialmente a Jaime Delgado Gómez, Francisco Vázquez Saco e Ramón Izquierdo Perrín.

Na citada capela pódense observar elementos arquitectónicos de estilo románico e gótico que, xunto con algúns máis actuais, amosan a súa evolución histórica e as diferentes reformas ás cales se viu sometida desde a construción inicial.

Neste senso, resulta significativo o papel que tradicionalmente desempeñou este santuario para as persoas veciñas das parroquias da rodeada pertencentes ao mencionado termo municipal de Outeiro de Rei, o de Friol e determinadas freguesías do concello de Lugo. Tal cuestión xustifica a presenza histórica neste emprazamento da Confraría da Virxe do Rosario, fundada en 1704, que conservou o seu funcionamento até os derradeiros anos do século pasado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda así, o desleixo que padecen os responsábeis de conservar o noso patrimonio provocou que a situación desta importante construción se atope en grave risco de deterioro. O estado no que se atopa a cuberta e a falta de mantemento está a provocar graves danos na estrutura e no interior deste ben, cuestión á que hai que engadir a subtracción recente de pezas relacionadas coa capela.

Estas dúas circunstancias citadas, entre outras, son síntomas que deberan xerar alarma e motivar actuacións urxentes encamiñadas a evitar tales acontecementos procurando a conservación deste elemento patrimonial tan relevante para Outeiro de Rei, para a provincia de Lugo e, por extensión, tamén o conxunto de Galiza.

Neste senso, malia ser de titularidade privada, a capela de Santa María forma parte do patrimonio cultural galego polo que a administración, como garante de todo o patrimonio cultural de Galiza, debe velar porque así sexa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a situación na que se atopa a capela de Santa María, situada no lugar de Bravos (Vicinte) no Concello de Outeiro de Rei?
- Que valoración fai da súa situación a Xunta?
- Contactou algunha persoa ou persoas propietarias da capela co Goberno galego nalgunha? Sabe a administración de quen é propiedade?
- E o Concello de Outeiro de Rei?
- Valora adoptar a Xunta de Galiza algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2023 12:53:53

Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2023 12:54:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A veciñanza do concello de Brión e da súa contorna está a vivir con importante preocupación o anuncio de dous proxectos para a construción dunha central hidroeléctrica reversible no río Tambre, en contra dos cales vén de presentar varios centos de alegacións para evitar a súa execución. As aldeas brionesas de Busto de Frades, Cornanda, A Graña e Vilariño e a veciñanza que aínda reside nelas, veríanse afectadas directamente, tanto na fase de construción desta central como tamén posteriormente durante a explotación. Cómpre ter presente que a balsa superior estaría situada a pouca distancia destes núcleos e a unha maior altitude, o que lles está a xerar unha importante inquietude a esta veciñanza, ante o risco que suporía calquera fallo na estrutura da presa para a súa propia seguridade.

Mais este impacto non se limita á parroquia de Cornanda, lugar da construción desta central, senón que tamén terá consecuencias na contorna e no transcurso do río Tambre, polo que supón unha ameaza para o aproveitamento dos sectores primarios de Brión, mais tamén nas comarcas da Barcala e de Muros – Noia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta central precisa de xeito inevitable do mantemento do encoro Barrié de la Maza para que funcione como depósito inferior do que captar e ao que devolver a auga. É preciso salientar o impacto que este encoro xa ten xerado sobre o ecosistema fluvial, provocando a desaparición de múltiples especies de peixes, mais tamén con repercusión sobre a flora ou especies de menor tamaño. Pero sumado a este efecto directo sobre a conca fluvial, é preciso atender á repercusión que terá sobre o microclima local, por exemplo, cunha previsíbel maior xeración de néboas, ou sobre espazos naturais protexidos, coma a ZEC Esteiro do Tambre. Do mesmo xeito, tamén se afectaría de xeito irreparable o patrimonio etnográfico e cultural, nun proceso irreparable de destrución da patrimonial, así como do valor paisaxístico, o que tamén contribuirá a afondar na destrución do medio económico e produtivo das parroquias afectadas.

Aliás, esta zona tampouco é allea ao boom eólico que se está a dar en Galiza, á proliferación de proxectos de parques eólicos por toda a xeografía, sen atender en moitas delas a cuestións patrimoniais, ecolóxicas ou paisaxísticas, e sen practicamente ningún retorno económico polo impacto que supón.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É consciente o goberno galego do que supón a construción desta central hidroeléctrica en Brión?
- Considera o goberno que está garantido o benestar da poboación brionesa que habita esa contorna?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Existe algunha previsión ou valoración do impacto que vai ter esta construción sobre o tecido económico e o aproveitamento dos sectores primarios en Brión, mais tamén nas comarcas da contorna coma as da Barcala e Muros – Noia?

– Considera que a poboación está ben informada deste proxecto e das súas consecuencias?

– Cal é a valoración que fai o goberno galego dos riscos e beneficios da construción desta central?

– Que consideración ten o goberno galego das alegacións recibidas? Comprende e comparte a preocupación e malestar da veciñanza?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2023 17:09:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 13/03/2023 17:09:52

Rosana Pérez Fernández na data 13/03/2023 17:10:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a promoción da corresponsabilidade nos coidados e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

A corresponsabilidade, isto é, un reparto democrático nos tempos de coidado entre mulleres e homes é aínda, en pleno século XXI, unha quimera.

Os datos así o evidencian.

Segundo a diagnose de situación que a Xunta de Galiza remitiu ás organizacións que conforman o Consello Galego das Mulleres, como parte dos traballos de elaboración do Plan de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025:

- As persoas coidadoras en Galiza continúan a ser maioritariamente as mulleres (62,2%, fronte ao 37,8%).

- Excedencias por coidados familiares:

Mulleres: 75,7% (2021) | 83,6% (2011)

Homes: 24,3% (2021) | 16,4% (2011)

- Excedencias por coidados de menores

Mulleres: 88% (2021) | 12% (2011)

Homes: 93,7% (2021) | 6,3% (2011)

A estatística evidencia que se produce un avance mínimo nos últimos dez anos, a un ritmo que está moi lonxe non só do desexado senón do que permitiría garantir unha sociedade democrática e libre de estereotipos de xénero.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre lembrar que é a lexislación galega recolle, desde hai máis dunha década, a obriga dos poderes públicos –a comezar pola Xunta de Galiza-- de promover a corresponsabilidade e garantir os dereitos de conciliación.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é necesario e ademais urxente desenvolver accións máis decididas politicamente en tres ámbitos: visibilizar a desigualdade cuantificándoa, pois, sen datos non hai problema e sen problema non hai políticas; sensibilizar, trasladando ao conxunto da sociedade as consecuencias destas desigualdades en todos os planos e, finalmente, actuar, adoptando decisións dirixidas a erradicar os estereotipos e roles de xénero machistas sobre os que se sostén o desigual reparto dos tempos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación actual da corresponsabilidade en Galiza?
- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para promover a corresponsabilidade en Galiza?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2023 17:50:10

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2023 17:50:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para prestar atención integral sanitaria e social as persoas en situación de vulnerabilidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fíxosenos chegar a denuncia presentada diante do Sergas por persoas próximas a un doente polo trato recibido no servizo de urxencias do HULA o pasado 20 de xaneiro

Denuncian que Lois non recibiu un trato axeitado, acorde á súa delicada situación sanitaria e social, cando acude ao servizo de urxencias deste hospital tras sufrir unha caída no seu domicilio.

Segundo o propio informe de alta a caída causoulle policontusións, que se sumaron a importantes patoloxías previas, polas que estaba pendente de intervencións cirúrxicas. No mesmo informe queda recollido que Lois de 74 anos, vivía só, que precisaba bastón para camiñar e desde facía días precisaba cadeira de rodas pola agudización das súas doenzas.

A pesares da situación descrita, de estar só en urxencias, a onde chegou en ambulancia, déuselle a alta para o seu domicilio, non atendendo as peticións de ingreso realizada polo doente e polas persoas próximas, coa indicación de usar cadeira de rodas e control por médico de cabeceira. Estas indicacións non parecen as máis acaídas tendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en conta a súa situación, que era fin de semana, vivía só, en espera de acadar praza nunha residencia, e con evidente incapacidade para valerse. Desgraciadamente Lois apareceu morto na súa casa o luns 23 pola mañá.

Todo o acontecido con Lois coidamos que ten que levar a esclarecer o acontecido e a unha reflexión sobre se a atención sanitaria se pode prestar totalmente desvinculada da situación social e humana das persoas que precisan esa atención. Parece evidente que fallaron as máis mínimas medidas de coordinación entre estes dous niveis, que deixaron a Lois desprotexido.

O acontecido con Lois ten que levar á Xunta de Galiza a tomar todas as medidas precisas para que non volva repetirse, e por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que accións ten realizado o Sergas tras coñecer a denuncia presentada polas persoas próximas a Lois polo atención recibida no servizo de urxencias do HULA?

Que actuacións vai realizar para esclarecer o acontecido coa atención prestada a este doente?

Considera que as decisións tomadas foron as acaidas para prestar a mellor atención que precisaba dada a súa situación?

Houbo algún contacto entre o servizo de urxencias e @s traballadoras/es sociais do hospital?

Que medidas vai tomar para garantir a coordinación entre os servizos de atención sanitaria e @s traballadoras/es sociais para que o acontecido con Lois non se volva repetir?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta poñer en marcha medidas para garantir unha coordinación eficaz entre a Consellaría de Sanidade e a de Política Social para prestar a atención integral ás persoas que o precisen, tanto en Atención Primaria como Hospitalaria?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2023 10:27:05

Iria Carreira Pazos na data 14/03/2023 10:27:10

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2023 10:27:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Unha das consecuencias da falla de aposta polos servizos públicos do Goberno galego dos últimos 14 anos atópase no eido da universidade pública. Nun contexto no que as institucións académicas teñen por diante tantos retos de futuro, cómpre que a Xunta de Galicia encare por fin unha fase de aposta decidida por fortalecer o SUG a través dun financiamento e dunha orientación axeitadas.

Un dos aspectos no que o goberno galego pode, e debe, centrarse é en financiar potentes programas específicos que, en coordinación co SUG, permitan que se poida incorporar profesorado novo a fin de rexuenerar os planteis de PDI das universidades públicas galegas. Á vista do último informe do Ministerio de Universidades isto constitúe unha necesidade que non admite demora, porque a situación galega neste eido está na cola de España.

As universidades públicas galegas sitúanse á cabeza de España polo grao de avellentamento do seu profesorado. En concreto, no curso 2021/22, a media de idade dos e das docentes do SUG acadou os 52.31 anos, mentres que a media estatal se situaba nos 49.39 anos. En cambio, no que atinxe ao profesorado con menos de 35 anos, supón o 4 % na Universidade de Santiago de Compostela, o 5.43 % na de Vigo e o 6.27 % na da Coruña.

Ante estes datos, faise necesario e urxente que o goberno galego, de acordo co SUG, tome xa medidas que rexuenezan os cadros docentes -e tamén



investigadores- das universidades, como vía para incorporar novos coñecementos, técnicas e modelos nos diferentes eidos de coñecemento. En definitiva, cómpre impulsar e incentivar a incorporación de persoal docente e investigador (PDI) máis novo para favorecer a calidade das universidades públicas galegas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego da necesidade de rexuvenecer os planteis docentes das tres universidades públicas galegas, que presentan o nivel de avellentamento máis alto de España segundo os últimos datos oficiais do Ministerio?
2. Como cre o Goberno galego que pode afectar a calidade das universidades públicas galegas o feito de teren os planteis docentes máis avellentados de toda España?
3. Que perspectivas de futuro contempla a Xunta de Galicia en relación á idade media do persoal docente e Investigador das universidades públicas galegas?

Santiago de Compostela, 14 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/03/2023 11:16:53

Noa Susana Díaz Varela na data 14/03/2023 11:17:03





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2023 11:20:27
Nº Rexistro: 51377
Data envío: 14/03/2023 11:20:27.642

Noelia Otero Lago na data 14/03/2023 11:17:17

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186097

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas para mellorar as condicións do servizo de catering nos comedores escolares no Concello de Moaña na procura dun servizo digno e de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa de Moaña, a través do Consello Escolar Municipal de Moaña, ven trasladando desde o curso escolar 2021/2022 a súa preocupación pola situación dos comedores escolares dos centros de ensino de infantil e primaria de Moaña xestionados de maneira indirecta a través da empresa de catering Alimentación Saludable Gallega, contratada pola Xunta de Galiza.

Desde o curso pasado estase a constatar unha perda de calidade nos menús ofrecidos ás crianzas, o que está a orixinar continuas queixas e reclamacións por parte das familias e dos responsábeis dos centros de ensino, que teñen en común múltiples aspectos negativos relativos á cantidade, presentación, temperatura, elaboración e adecuación dos menús.

Infelizmente, non se trata dunha situación puntual ou dun único colexio afectado: esta situación estase a agravar desde o inicio do curso 2021/2022, e son numerosas as reclamacións efectuadas polos diferentes centros de ensino ante o Servizo de Xestión de Comedores Escolares, dependente da Consellería de Educación. Sen embargo, as reclamacións non son atendidas e a calidade do servizo de comedor continúa a se deteriorar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É un feito que moitos dos menús ofrecidos non son atractivos para os seus destinatarios, ben porque o aspecto da comida non é agradábel; porque se elaboren dous pratos fríos para compor un menú, incluíndo a colocación dunha ensalada como prato principal; porque as racións de comida sexan habitualmente escasas e en ocasións tamén se sirvan frías; ou aínda porque os menús sexan elaborados en desacordo coa climatoloxía do momento.

Polos motivos expostos, en outubro do ano 2021 presentouse unha moción ante a Consellería de Educación reclamando un servizo de comedor digno e de calidade, exixindo unha serie de melloras na súa prestación. Porén, a día de hoxe non tivemos resposta ao respecto, nin se constatou ningún movemento por parte da empresa no sentido de atender as demandas realizadas en relación ao servizo de catering.

Esta situación, lonxe de ter rexistrado melloras, viuse agravada polo anuncio, trasladado á comunidade educativa no inicio do curso actual, 2022/2023, de que a empresa de catering Alimentación Saludable Gallega tiña visto prorrogado o seu contrato por dous anos máis, polo que o alumnado de oito colexios públicos de Moaña continuarán soportando por máis un ano un servizo depauperado.

Así as cousas, confírmase a inacción dunha Consellería de Educación que, mesmo alertada diante da negativa situación dos comedores escolares, non só non sanciona dita empresa despois das inspeccións efectuadas, senón que aínda se permite que se replique un deseño dos menús exactamente igual que o curso anterior e sen corrixir ningunha das deficiencias sinaladas.

Estamos ante un tema que está a orixinar unha importante preocupación no seo da comunidade educativa de Moaña. A alimentación é unha cuestión vital para toda a poboación, e especialmente para as crianzas, que están nun período de crecemento e que pasan moitas horas na escola desenvolvendo unha actividade intensa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non só é un feito importante a cuestión da calidade con que se atende as necesidades do alumnado, senón tamén o é como eles aprenden pautas saudábeis de alimentación para manter uns hábitos de vida saudábeis que lles acompañen sempre. Porén, a realidade que estamos a vivir é outra, e en moitas ocasións as crianzas marchan para as súas casas despois dunha experiencia frecuentemente negativa coa comida.

Fican igualmente preocupadas as familias, alarmadas pola calidade da alimentación dos seus fillos e fillas e sentíndose frustradas por teren que facer uso dun servizo de comedor que debía servir para mellorar a conciliación familiar.

Esta grave situación que afecta ás crianzas de Moaña, e que impacta directamente sobre a súa saúde, debe ser corrixida de maneira urxente. Non se pode permitir que se repita a situación do curso anterior novamente, para o que é preciso que a Xunta de Galiza deixe de primar o criterio económico sobre o da calidade alimentaria, coa fin de que se poidan presentar uns menús escolares correctos e saudábeis.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza das condicións nas que se está a desenvolver o servizo de catering nos comedores escolares no Concello de Moaña?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das queixas reiteradas en canto á calidade do servizo de catering nos comedores escolares no Concello de Moaña?

. Está a velar a Xunta de Galiza por unha alimentación adecuada para as crianzas usuarias dos comedores escolares no Concello de Moaña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cando vai recibir a Xunta de Galiza á comunidade educativa de Moaña após a
súa reiterada petición de ser recibida?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/03/2023 12:50:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/03/2023 12:50:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O goberno da Xunta de Galicia anunciou para 2023 un investimento de 17,8 millóns de euros para as comarcas do Condado, A Paradanta e Baixo Miño.

Estes investimentos céntranse nos concellos de Salvaterra e Arbo que quedan sumamente beneficiados no reparto.

Pola contra concellos coma o de As Neves non son tidos en conta polo goberno da Xunta e recibe 0 € de investimento.

Para compensar isto e conscientes da situación na que se atopan moitos concellos rurais, o goberno de España vén de aprobar diferentes medidas para combater o reto demográfico asentando poboación no rural e dinamizando a economía destas zonas.

Un destes proxectos desenvólvese no Concello de As Neves, onde vai intervir en cinco vivendas, actualmente en abandono, para reutilizalas e que se ocupen por novos habitantes. O proxecto, ademais de permitir o asentamento de poboación, tamén contempla proporcionar espazos para que estas persoas poidan desenvolver actividades económicas e sociais.



Un investimento de máis de 1 millón de euros para a eficiencia enerxética, vivenda, reto demográfico e acceso a internet que vai supoñer un impulso para este municipio rural.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista defendemos un reparto igualitario dos fondos da Xunta e o cumprimento das medidas de impulso demográfico recollidas na recente aprobada lei, por iso esiximos a este goberno que asuma as súas competencias.

O Concello das Neves leva case unha década reclamando melloras na seguridade viaria das súas estradas, en concreto:

- A creación dunha rotonda no acceso á parroquia de Setados, entre as estradas PO-400 e PO-415, co fin de calmar o tráfico nunha zona de alta de perito con moitos accidentes rexistrados e que tamén aliviaría o tráfico das conexións entre Arbo, Salvaterra e As Neves.
- A mellora da mobilidade, coa reforma do tramo existente entre a rotonda do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé e o acceso á Eira da Liñaza, garantindo así a seguridade do entorno escolar.
- O cumprimento do compromiso adquirido pola Xunta da construción dunha senda peonil entre o instituto e a rotonda de Montesol, que da acceso ao centro de la vila, que permita facilitar a conexión entre o IES e o colexio, e a posibilidade de realizar ese tramo a pé, contando coas máximas garantías para os peóns e regulando o tráfico de vehículos no entorno dos dous centros educativos.

Dende o Grupo Socialista esiximos ao goberno da Xunta de Galicia que garanta a seguridade peonil e viaria en todos os concellos e cumpra os compromisos adquiridos e pendentes nalgúns lugares dende hai case unha década.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende este goberno que son necesarias actuacións nas estradas autonómicas que transcorren polo Concello de As Neves que melloren a seguridade viaria neste lugar?
2. Vai cumprir este goberno o compromiso de construción dunha senda peonil entre o IES Pazo da Mercé e a rotonda de Montesol, que dá acceso ao centro da vila, que permita facilitar a conexión entre o Instituto e o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé?

Santiago de Compostela, 14 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/03/2023 13:03:15

Patricia Otero Rodríguez na data 14/03/2023 13:03:25

Eduardo Ojea Arias na data 14/03/2023 13:03:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo especifica a Xunta de Galicia: “As casas do maior son un servizo gratuíto de atención diúrna a persoas maiores de 60 anos, cun máximo de cinco prazas cada unha para asegurar un coidado personalizado. O servizo é prestado por profesionais autónomos ou cooperativas de traballo asociado, e localízanse en concellos que non contan con recursos de atención diúrna a maiores.

Ofrecen unha atención diúrna integral onde sempre prima o acompañamento á persoa. Nelas realízanse actividades de envellecemento activo, adestramento cognitivo, hixiene persoal e outras actividades personalizadas. Tamén ofrecen servizo de manutención para quen o precise por cinco euros ao día.

Así mesmo, poden contar con servizo de desprazamento no caso de que a promotora da casa do maior solicitara esta modalidade”.

O servizo trátase dun recurso habilitado para persoas sen dependencia, e nos últimos dous anos, dende o Goberno galego fixeron alarde deste recurso sen explicitar en ningún caso ningún problema ou falla de remodelación do concepto, dos recursos, ou do tipo de financiamento. Sen embargo existen queixas ao respecto por parte das persoas xestoras dos servizos.

Segundo as mesmas, reciben os recursos da Xunta tarde e non compensan os gastos que conleva un servizo destas características, o cal consideran unha



falta de apoio por parte da Administración, e se formulan en moitos casos pechar os seus proxectos. De feito segundo indican aínda non recibiron por parte da Xunta a contía correspondente ao 2023, e no caso da posta en funcionamento hai casos que tiveron que acudir a créditos para completar os gastos do arranque do proxecto.

Outra cuestión é a falta de persoas usuarias para este recurso, xa que hai casas que se están cuestionando pechar o proxecto porque non teñen ningún usuario/a. Noutros casos nos que acontece o contrario, que teñan os cinco usuarios e lista de espera, aseguran que a situación aínda así non é sinxela xa que o salario que lles queda tras afrontar todos os gastos, é mínimo, e moitas aguantan polas axudas de autónomos do Goberno central.

Por todo elo, dende o Grupo Parlamentario Socialista propoñemos ao Goberno galego que escoite ás xestoras das casas do maior para poder atopar unha solución de mellora do servizo, poñendo no centro o benestar das persoas maiores e as garantías laborais das emprendedoras destas casas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten constancia o Goberno galego da situación das xestoras das casas do maior?
2. Existiu algunha reunión coas mesmas para abordar melloras no servizo?
3. Teñen pensado facer algo ao respecto?

Santiago de Compostela, 14 de marzo do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51395
Data envío: 14/03/2023 15:44:26.705

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 14/03/2023 15:41:04

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2023 15:41:16

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
186107

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

A finais de febreiro, as consellarías de Promoción do Emprego e Igualdade e de Sanidade asinaban un acordo de colaboración para a habilitación dos espazos destinados aos centros 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual durante as 24 horas e os 365 días do ano, para os que o Goberno do Estado ten xa transferidos 4,7 millóns de euros no marco do Plan 'España te protege' procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Segundo o acordado, Igualdade transfire a Sanidade un total de dous millóns de euros para a creación destes centros que comezarán polas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo.

Resulta incomprensible que estes centros, que deberían estar configurados nas catro provincias galegas no mes de xuño aínda que existe unha prorroga ata finais de ano para a execución dos fondos, deixen toda a provincia de Ourense, así como as áreas de Pontevedra e A Coruña sen este recursos fundamental para asistir vítimas de violencia sexual.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a razón de non crear os centros 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual de forma homoxénea en toda Galicia?
2. Nunha problemática de tanta relevancia, por que se marxina toda a provincia de Ourense, así como ás áreas sanitarias de Pontevedra e A Coruña?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2023 16:59:49
Nº Rexistro: 51397
Data envío: 14/03/2023 16:59:49.549

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/03/2023 13:58:45

Noelia Otero Lago na data 14/03/2023 13:59:01

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2023 13:59:12

Marina Ortega Otero na data 14/03/2023 13:59:23

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
✉ 71 Madrid 186109

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de resolver a Xunta os incumprimentos do servizo de transporte público que afectan á comunicación da veciñanza de Sada coa cidade da Coruña e da comarca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e no seu desenvolvemento práctico.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

A realidade é que o actual Plan de Transporte é o contrario do fomento do transporte público, dende o seu deseño, os procesos de adxudicación, valoración de ofertas e a súa aplicación práctica, busca o beneficio dun grupo empresarial concreto en detrimento da calidade de servizo a usuarios, traballadores e pequenas e medianas empresas do sector.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As deficiencias son moitas e reiteradas, espalladas por todo o país e de forma moi notoria na comarca da Coruña e das Mariñas, tal e como ten denunciado en innúmeras ocasións a veciñanza e o grupo parlamentario do BNG nesta cámara.

As usuarias do concello de Sada están a sufrir as consecuencias dun servizo público deficitario por parte da empresa ALSA que non está á altura das necesidades da poboación, máxime nun momento como este de suba desproporcionada dos carburantes e de concienciación sobre o uso responsábel do transporte público.

Os veciños e veciñas padecen liñas de bus que van saturadas, tendo que ir de pé en horas punta, con retrasos, con traxectos de máis dunha hora. Os horarios dos últimos traxectos dificultan o transporte de regreso ao noso concello de alumnado de estudos nocturnos, Conservatorio, bacharelato, Universidade...

A isto cómpre sumarlle as dificultades de accesibilidade: vehículos con escaleiras moi empinadas, sen rampa para viaxeiros con dificultades de mobilidade, pantallas de anuncio de destino ilexíbeis, etc., que constitúen un freo a unha alternativa de mobilidade sostíbel e real para unha poboación numerosa que precisa comunicación directa, rápida, útil e eficaz coa cidade da Coruña e as localidades da comarca.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostíbel ambientalmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para rematar cos incumprimentos e irregularidades nos contratos licitados no transporte público que cubre o servizo de conexión do concello de Sada?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/03/2023 17:47:22

Paulo Ríos Santomé na data 14/03/2023 17:47:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a protección de humidais das Brañas do Deo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Inventario de humidais de Galiza (USC-Xunta, 2003) recolle 37 humidais (breixeiras e turbeiras) no espazo das Brañas do Deo, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Curtis.

A riqueza e abundancia destes hábitas vese claramente na seguinte imaxe, incluída na documentación do Inventario





Pola abundancia e riqueza destes e outros hábitats, declarados de interese prioritario ou de interese comunitario pola UE, existe unha proposta de inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura 2000.

Nos 20 anos transcorridos desde a publicación do Inventario, producíronse numerosas agresións a estes hábitats, con danos irreversíbeis para a biodiversidade, debido a traballos de desecación, plantacións forestais, construción de pistas, etc.

No ano 2020 a Xunta, por medio da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, contratou coa USC o *Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia*,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cofinanciado nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020. O BNG solicitou por medio do artigo 9 do regulamento do parlamento a documentación correspondente a este contrato, sen resposta por parte do goberno galego.

No ano 2021 este grupo parlamentar recibiu unha resposta do goberno relativa á protección das Brañas do Deo, na que se decía o seguinte

“A Xunta de Galicia xa está traballando para dotar dunha maior protección a este enclave natural. A través dun estudo para determinar a presenza de hábitats de interese comunitario en Galicia, con fin de avaliar o seu estado e medidas de conservación. E a través dun novo servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os queirogais e matogueiras de Galicia”.

Transcorridos case dous anos, non temos coñecemento de ningunha iniciativa da Xunta para protexer estes espazos, que seguen sendo agredidos polo desenvolvemento de traballos de desecación e plantacións forestais.

Por outra parte, existen diferentes estudos que recompilan e actualizan a información relativa a hábitats de especial interese nesta zona. Algúns dos espazos estudados son os seguintes

111016 Braña do Porto Cainzos, no concello de Aranga

111017 Costa Vilares, no concello de Aranga

111018 Brancal de Porto Franco 1, no concello de Aranga

111019 Brancal de Porto Franco 2, no concello de Aranga



111020 Brancal de Porto Franco 3, no concello de Aranga


111021 Rego da Pasaxe, no concello de Oza-Cesuras

111022 Porto Moreiro (Portomoeiro), no concello de Aranga

111023 Braña da Boquela, no concello de Oza-Cesuras

111024 A Braña, no concello de Curtis

No DOG do 13 de marzo de 2023 publicouse o Inventario de Zonas Húmidas de Galiza, que inclúe varios humidais situados nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Curtis, no ámbito das Brañas do Deo, se ben non hai unha coincidencia total co Inventario de 2003. Unhas das causas desta diferenza pode ser o proceso de degradación e destrución que se produciu ao longo de 20 anos nestas zonas húmidas, como consecuencia de construción de pistas, construción de gaviás de desecación, creación de pasteiros, plantacións forestais e outras intervencións humanas.



Localización de zonas húmidas do Inventario (2023)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A continuidade entre as zonas húmidas inventariadas nas Brañas do Deo fai necesaria unha protección integral deste sistema de humidais. O instrumento máis acaído para facelo pode ser a Rede Natura 2000, retomando unha proposta que se incoou en 2012 e que foi paralizada pola Xunta.

Recentemente publicouse no DOG e entrou en vigor o Plan Hidrológico Galicia Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese:

Dentro deste terceiro ciclo de planificación preténdese tomar as medidas necesarias para contribuír de forma eficaz a avanzar cara a unha conservación favorable das zonas húmidas identificadas na demarcación, sendo o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) un elemento de referencia imprescindible neste firme propósito.

Por iso, entre as actuacións prioritarias iniciadas por Augas de Galicia para abordar a conservación das zonas húmidas na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa destacan as seguintes:

1. Incorporouse a listaxe de zonas húmidas do IHG (Inventario de humidais de Galicia; 2003), de forma sistemática, ao rexistro de espazos protexidos do Plan, como candidatos avaliados para ser catalogados como zonas de protección especial polo plan.

2. Coñecedores de que hai zonas húmidas con importancia a nivel do ciclo hidrológico que non están consideradas no anterior inventario, están a iniciarse traballos de identificación e delimitación das zonas húmidas con relevancia desde o punto de vista da administración hidráulica, co fin de poder establecer un marco de protección que asegure a súa funcionalidade. Estas zonas serán progresivamente incorporadas ao rexistro de zonas protexidas do plan hidrológico, a medida que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avancen os traballos de delimitación, xunto coas medidas de protección que resulten oportunas.

3. De forma complementaria, ao longo deste terceiro ciclo de planificación, reforzaranse as accións necesarias de coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, centradas en dous aspectos fundamentais:

a) A integración das zonas húmidas sinaladas anteriormente dentro do inventario de zonas húmidas da comunidade galega, atendendo á súa relevancia e singularidade.

b) A determinación dos requirimentos hídricos en cantidade e calidade das zonas húmidas da demarcación, conforme aos seus obxectivos de conservación. Sinálase a este respecto que xa se iniciaron estes traballos a modo de estudo piloto para a zona húmida da lagoa de Sobrado dos Monxes, espazo baixo especial protección polo Plan Hidrológico de Galicia-Costa e incluído no Inventario Galego de Humidais.

Tendo en conta a información do Inventario de zonas húmidas, os diferentes estudos realizados na zona, os compromisos do Marco de Acción Prioritaria (MAP) para Natura 2000 en Galiza e a normativa do Plan hidrológico Galiza Costa, cómpre unha actuación urxente para garantir a protección destes espazos, que están ameazados por diversos proxectos de explotación industrial. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial daquelas zonas húmidas que aínda non contan con protección e o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de humidais degradados ou deteriorados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón o goberno galego non dotou de protección das Brañas do Deo?

Cal é o estado de conservación das turbeiras e breixeiras das Brañas do Deo e cales son os motivos do deterioro e degradación destes espazos?

Cantos expedientes sancionadores impulsou a Xunta por agresións a estes espazos e cal foi o resultado?

Considera de interese o goberno galego o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración das breixeiras e turbeiras da zona do Deo e en xeral de todo o territorio galego?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2023 09:38:02

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/03/2023 09:38:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 15/03/2023 09:38:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta vén de dar luz verde ambiental a unha vintena de proxectos eólicos situados en Reservas da Biosfera, unha figura de protección da biodiversidade do programa MAB da Unesco que ten tres función principais: a conservación da biodiversidade e os ecosistemas, o desenvolvemento local, e a investigación.

Unha parte destes proxectos con DIA favorábel están situados na Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e afectan aos concellos de Aranga, Oza-Cesuras, Coirós e Mesía): Feás (Aranga e Coirós); Felga (Aranga, Coirós e Oza-Cesuras); Gato (Aranga e Oza-Cesuras); Penas Boas (Oza-Cesuras e Aranga); Seselle (en Oza-Cesuras) e Legre (Mesía e Oza-Cesuras).

No seguinte mapa pódese observar o ámbito da Reserva da Biosfera e a súa zonificación.





O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico elaborou a denominada “Zonificación ambiental para as enerxías renovábeis (Eólica e Fotovoltaica)”, instrumento no que as zonas núcleo e as zonas tampón das reservas da biosfera se preservan como zonas de exclusión para proxectos industriais de enerxía eólica e solar.

Segundo o “Informe sobre viabilidad de las instalaciones eólicas, fotovoltaicas y termosolares en los territorios de las Reservas de la biosfera”, nas zonas de transición, “a adecuación dun plan ou proxecto industrial destinado á obtención de enerxía através de fontes renovábeis estaría suxeito ás determinacións derivadas da normativa estatal, autonómica e as propias determinacións de cada Reserva, a través dun proceso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avaliación que debe realizarse en cada caso, tendo en conta os posíbeis efectos sinérxicos e acumulativos”.

Ao abeiro destes criterios de zonificación, a Xunta Directiva da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo acordou o pasado 7 de marzo solicitar ao Estado e á Xunta a revisión das declaracións de impacto ambiental dos parques eólicos que están tramitando e que afectan a este espazo.

No caso de proxectos de tramitación autonómica, esta solicitude está relacionada cos proxectos Feás, Felga, Gato, Penas Boas, Seselle e Legre, que con tan con Declaración de Impacto Ambiental favorábel da Xunta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Comparte a Xunta os criterios do MITERD sobre as restriccións de proxectos eólicos en zonas núcleo e zonas tampón das Reservas da Biosfera?

Ten previsto a Xunta rexeitar os proxectos eólicos que afectan ás zonas núcleo e ás zonas tampón das Reservas da Biosfera?

Como valora o goberno galego a solicitude da Xunta Directiva da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo de revisión das declaracións de impacto ambiental dos parques eólicos que están en tramitación e que lle afectan ao seu ámbito?

Ten previsto a Xunta elaborar un informe para elevar á UNESCO sobre o impacto de proxectos de enerxías renovábeis en zonas núcleo, tampón e de transición das Reservas da Biosfera?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2023 10:07:17

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2023 10:08:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/03/2023 10:09:13

Mercedes Queixas Zas na data 15/03/2023 10:09:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, María Jesús Lorenzana, afirmaba recentemente nunha entrevista radiofónica que a coalición PSOE-Unidas Podemos que goberna no Estado é peor para a igualdade que os pactos con VOX, nunhas declaracións nas que á súa vez eludía valorar o pacto de goberno que o Partido Popular mantén con esa forza de ultradereita en Castela-León e que está a supoñer un grave retroceso nas políticas de igualdade e nas prestacións ás mulleres vítimas de violencia machista dese territorio.

Ademais, na entrevista daba a entender que o incremento de comportamentos machistas entre a mocidade era responsabilidade “da fragmentación que se produce na sociedade por culpa dos confrontamentos entre os dous partidos políticos que conforman o Goberno do Estado”.

Ao Grupo Parlamentario do PSdeG preocúpanos que a máxima responsable en políticas de igualdade do Goberno galego, nun contexto de incremento da violencia machista, non sexa quen de facer unha valoración da realidade actual á altura do que a situación merece. No canto diso, que debería levar a propostas para mellorar o preocupante escenario que vivimos, reproduce o argumentario electoral do Partido Popular.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Asume o Goberno galego as irresponsables declaracións da conselleira de Igualdade a un medio radiofónico no que asumía que o Goberno do Estado era peor para a igualdade que os pactos coa ultradereita?
2. Comparte o Goberno galego que o incremento dos comportamentos machistas entre a sociedade se deben “á fragmentación que se produce na



sociedade por culpa dos confrontamentos entre os dous partidos políticos que conforman o Goberno do Estado”, tal e como afirmou a conselleira?

3. Ten conformada o Goberno galego algunha estratexia para rachar co negacionismo da violencia machista?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/03/2023 17:40:17

Noelia Otero Lago na data 14/03/2023 17:40:24

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2023 17:40:35

Marina Ortega Otero na data 14/03/2023 17:40:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal, o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, prognosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

Até o de agora, case dous anos despois dese anuncio, e catro anos do tráxico accidente do Silvosa, nada se informara pola Xunta de Galiza sobre a cuestión.

Malia que este proxecto de mellora da dársena é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade, nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023 non se recolleu unha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai acometer nesta anualidade.

Na comparecencia en sede parlamentar da Presidenta de Portos de Galiza para responder a unha serie de preguntas deste grupo sobre o estado dos estudos de ondadas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no interior da dársena, da fase na que se atopaba o proxecto de mellora da seguridade no porto e a previsión temporal para a súa execución, a alto cargo de ente autonómico anunciou o remate dos estudos, que se barallaban diferentes opcións para a mellora da seguridade na dársena e que xa había liñas de traballo en marcha.

Este anuncio debe efectivizarse na pronta redacción do proxecto, que non debe demorarse máis aló desta anualidade (atendendo ao traballo técnico segundo se di xa realizado) e na inmediata execución posterior do proxecto.

Pero para que ese anuncio e compromiso adquirido con Malpica sexa unha realidade, é imprescindible que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2024 se recolla unha partida específica e con dotación suficiente. E que se execute a obra.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Considera a Xunta prioritario garantir a seguridade de embarcacións e mariñeiros que operan no porto de Malpica?

- Cal foi o resultado dos estudos específicos realizados sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a paliar o risco que supón a dársena en condicións de mar adversa?

- Existe un cronograma para execución das obras de mellora da seguridade na dársena de Malpica?

- Ten previsto o goberno galego incluír nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2024 unha partida específica e con dotación suficiente para iniciar nesa





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anualidade as obras de mellora das condicións de seguridade no interior da dársena de Malpica, da operatividade do porto e das infraestruturas do mesmo?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/03/2023 12:25:14

Rosana Pérez Fernández na data 15/03/2023 12:25:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na 2ª modificación do plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 9 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada a xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis,



que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.

A maiores dende o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de creación dun porto seco, que poda ampliar a industrial vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?
2. Considera este goberno que a comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego?
3. Ten previsto este goberno ampliar os polígonos de Fragamoreira (Poio) e o Campiño (Pontevedra) como prevé o Plan sectorial de Areas empresariais do ano 2014?



4. Entende este goberno como necesario a creación dun porto seco que permita ampliar a capacidade industrial do porto de Marín?

Santiago de Compostela, 14 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/03/2023 12:35:52

Martín Seco García na data 15/03/2023 12:36:00

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/03/2023 12:36:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O consultorio médico de Parga, en Guitiriz, foi pechado polo Sergas en marzo de 2020, coa chegada da Covid-19.

Despois de numerosas denuncias da veciñanza e de reclamacións do Concello de Guitiriz en marzo de 2022 o Sergas anunciaba que se retomaría a actividade asistencial do consultorio de Parga ao longo do mes de setembro. Pasado o mes de setembro o dito consultorio seguía pechado e sen a actividade asistencial que si tiña ata a chegada da pandemia. No mes de outubro a Xunta de Galicia anunciaba, unha vez máis, que o 24 dese mes reabría o consultorio de Parga con atención médica e de enfermaría de luns a xoves en horario de mañá.

Pero de novo estamos a ver, e a veciñanza de Guitiriz a sufrir, un novo incumprimento do Goberno galego en relación ao seu compromiso de reapertura total do consultorio unha vez superada a pandemia. O Sergas puxo as súas normas e agora de novo volve a incumprilas, xa que no que vai de mes, só houbo médico neste centro de saúde 3 días.

É recorrente a ausencia de médicos que está a sufrir o consultorio de Parga, no que non se está a dispor de médicos de luns a xoves, tal e como se establecera por parte do Goberno galego e a previsión é que non se conte con este profesional ata o 22 deste mes.

A normalidade xa volveu hai tempo ás nosas vidas, agás ao centro de saúde de Parga. Con este novo modelo, os usuarios e usuarias reduciron drasticamente o servizo co que contaban ata o ano 2020.

Polo tanto, a Xunta de Galicia debe de cumprir, cando mínimo, co que prometeu e reabrir realmente o consultorio de Parga de luns a xoves con atención médica e de enfermaría.

Por todo iso, as deputadas e os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno galego de que está a incumprir, unha vez máis, a última das promesas feitas aos veciños e veciñas de Guitiriz no relativo a reapertura do consultorio de Parga?



2. Vai a Xunta de Galicia a reabrir realmente o consultorio de Parga todos os días da semana e con todos os profesionais asignados a el, como estaba antes da chegada da covid-19?

3. Vai o Goberno galego, como mínimo, a cumprir o prometido en outubro de 2022 e que este consultorio de Parga conte con atención médica e de enfermaría de luns a xoves?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2023 12:58:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2023 12:58:47

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2023 12:59:03

Marina Ortega Otero na data 15/03/2023 12:59:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 8ª**.

O pasado día 8 de marzo a presidenta de Portos de Galicia acudía ao Porto de Caión sito no concello da Laracha. Nesta visita estivo acompañada polo alcalde do dito concello e por representantes da confraría de pescadores.

O motivo da visita, segundo recolleron os medios de comunicación, foi analizar o estado actual das infraestruturas e dos equipamentos do Porto de Caión e definir as intervencións prioritarias a levar a cabo para a súa mellora, conservación e mantemento, baixo a premisa da busca do obxectivo común de mellorar o espazo portuario.

Como se pode desprender das declaracións feitas dende Portos de Galicia, todas elas son meras declaracións de intencións, sen concretar nin definir cales serán estas intervencións prioritarias a levar a cabo por parte da Entidade Pública Empresarial de cara á mellora, conservación e mantemento do Porto de Caión.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Cales van ser as actuacións prioritarias que vai levar a cabo Portos de Galicia de cara á mellora, conservación e mantemento do Porto de Caión?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2023 13:11:56

Martín Seco García na data 15/03/2023 13:12:12

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2023 13:12:28





Á Mesa do Parlamento

José Luís Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade vén desenvolvendo en colaboración coa Junta de Castilla y León o Programa de promoción da lingua galega nos territorios galegofalantes do Bierzo e Sanabria.

A iniciativa, que se iniciou no ano 2001, desenvólvese nos centros educativos de primaria e secundaria e na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada. De feito, xa son 14 colexios e catro institutos os que forman parte deste programa, ademais da Escola Oficial de Idiomas citada.

O alumnado ten a oportunidade de afianzar os seus estudos do galego alén das aulas con actividades complementarias que inclúen visitas de estudos a Galicia apoiadas pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que resultados esta a dar a colaboración entre administracións para promover a ensinanza do galego no Bierzo e Sanabria?
- 2.- Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Programa de promoción da lingua galega?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51458
Data envío: 15/03/2023 16:17:59.494

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 15/03/2023 15:59:27

Teresa Egerique Mosquera na data 15/03/2023 15:59:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/03/2023 15:59:56

Gómez Salgado, Carlos na data 15/03/2023 16:00:11

María Sol Díaz Mouteira na data 15/03/2023 16:00:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/03/2023 16:00:33

Rodríguez Pérez, Moisés na data 15/03/2023 16:00:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Marisol Diaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Hai uns anos a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación foi quen de implantar a FP Dual, unha das apostas do departamento educativo para impulsar a empregabilidade dos titulados e para axustar a formación profesional ás necesidades dos sectores produtivos.

Os datos sobre matriculacións en Formación Profesional Dual nos últimos anos amosan que, esta modalidade pasou de ser, a única saída a converterse na primeira opción para moitas galegas e galegos.

Hai uns días chegábanos unha boa nova: “O sistema universitario de Galicia contará cun modelo de graos e másteres duais PIONEIRO en España” nos que o alumnado combinará a súa formación nas tres universidades públicas cun contrato regrado e remunerado nunha empresa. Reproducindo, deste xeito, o éxito que a opción dual tivo na FP cun sistema universitario conectado á realidade converténdose na primeira iniciativa autonómica neste ámbito.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Para cando os graos e másteres duais no Sistema Universitario de Galicia?





2.- Como se configurará o seu marco normativo?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 15/03/2023 16:04:09

Teresa Egerique Mosquera na data 15/03/2023 16:04:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/03/2023 16:04:39

José Luis Ferro Iglesias na data 15/03/2023 16:04:52

Gómez Salgado, Carlos na data 15/03/2023 16:05:04

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/03/2023 16:05:14

Rodríguez Pérez, Moisés na data 15/03/2023 16:05:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As Comunidades do noroeste peninsular -Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria e Euskadi- unen forzas para reivindicar conxuntamente como infraestrutura prioritaria o corredor atlántico noroeste de mercadorías. Trátase de impulsar o conxunto de liñas ferroviarias chamadas a conectar os principais portos atlánticos e outros nodos estratéxicos desta área coas rexións do interior de España, Portugal e, sobre todo, co resto de Europa.

A día de hoxe o transporte de mercadorías por ferrocarril non chega ao 4%, a cuarta parte da media europea, que move case o 17% do total das súas mercadorías por este medio. A execución dos investimentos necesarios no noroeste peninsular permitiría triplicar o transporte de mercadorías por ferrocarril a partir do ano 2040, pasando deste xeito a mover máis de vinte millóns de toneladas, unha cifra estimada moi superior a dos 7 millóns actuais.

A alianza das comunidades do noroeste xa acadou o primeiro resultado práctico coa constitución o pasado 27 de xaneiro, por parte do Goberno de España, do Comisionado para o Corredor Atlántico coincidindo coa celebración en Santiago de Compostela do Encontro do Corredor Noroeste, no que participaron os presidentes de Galicia, Asturias e Castela e León. Con todo, este comisionado non se activou ata mes e medio despois, e con cinco anos de retraso con respecto ao Comisionado do Corredor Mediterráneo, que acada un nivel de desenvolvemento moi superior.

Cómpre agora traballar no deseño e impulso definitivo do Plan Director para o desenvolvemento desta infraestrutura chamada a transformar a nosa rede ferroviaria de mercadorías e que, de cumprirse os prazos, debera presentarse o vindeiro mes de outubro. Con todo, as primeiras informacións que se coñecen sobre os plans que manexa o Goberno de España son decepcionantes, tanto pola pouca ambición que





contén, como polas ausencias flagrantes e polo insuficiente investimento que se baralla.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que demandas defende Galicia de cara a elaboración do Plan Director do corredor atlántico de mercadorías?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 15/03/2023 16:13:30

Carmen María Pomar Tojo na data 15/03/2023 16:13:47

Ramón Carballo Páez na data 15/03/2023 16:14:03

María Belén Salido Maroño na data 15/03/2023 16:14:17

José Luis Ferro Iglesias na data 15/03/2023 16:14:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/03/2023 16:14:35

Freire Vázquez, María Begoña na data 15/03/2023 16:14:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A situación económica e financeira de empresas e familias galegas complicouse ante a suba dos prezos, e milleiros de familias teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes. O goberno de España despregou dende o 2022 un conxunto de medidas como a bonificación do prezo dos combustibles, o desconto no transporte público, a extensión dos bonos sociais térmico e eléctrico ou as rebaixas do IVE para axudar á cidadanía ante as dificultades pola alza dos prezos.

A loita contra a inflación debe ir parella á protección da cidadanía máis vulnerable e ao apoio ao tecido produtivo con dificultades económicas e financeiras pola suba dos custes. Nese senso, o goberno de España adoptou medidas que permiten aumentar os ingresos nominais da cidadanía, particularmente de pensionistas, empregados e empregadas públicas, traballadores e traballadoras con salarios baixos e persoas en situación de vulnerabilidade. Deste xeito, en Galicia máis dun millón de persoas viron aumentar os seus ingresos mensuais pola batería de medidas do goberno de España neste 2023. En primeiro lugar, o incremento das pensións contributivas nun 8.5% a 675.000 galegos e galegas. En segundo lugar, a suba das pensións non contributivas a 37.000 galegos e galegas. En terceiro lugar, o aumento dos salarios dos traballadores e traballadoras públicas. En cuarto lugar, o incremento do salario mínimo interprofesional ata os 1080 euros. En quinto lugar, a alza do Ingreso Mínimo Vital. Adicionalmente, cabería engadir o ingreso de 200 euros para as rendas máis baixas. Cómpre recoñecer ese



paquete de medidas do goberno do Estado á vez que comprometerse nesa senda para seguir avanzando.

Pola súa banda, o presidente da Xunta recoñeceu que o inicio deste 2023 é duro para as persoas e familias vulnerables, pero está fallando á hora de tomar medidas de alcance. Cando o orzamento autonómico ten aumentado de xeito significativo, o goberno da Xunta, con competencias en materia económica e social, debe tomar medidas que axuden ás familias e ás persoas en situación máis vulnerable. Hai unha maioría social que espera que o goberno da Xunta axude ás persoas a fogares galegos que máis sofren ante a difícil conxuntura económica que atravesamos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando vai comezar o Goberno galego a tomar medidas de alcance que favorezan á maioría social na liña dos avances adoptados polo Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 15 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/03/2023 17:31:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2023 17:31:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do servizo de Oncoloxía no CHUS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública galega atópase nunha situación de extrema gravidade. Se ben a Atención Primaria é quen máis está a padecer os anos de recortes orzamentarios acumulados que vén realizando o Partido Popular, e que se traducen en cadros de persoal exiguos e recursos materiais limitados, tamén vemos como esa política sanitaria ten repercusións claras sobre os servizos hospitalarios. Os colapsos dos servizos de urxencias ou as listas de espera para consultas hospitalarias desbordadas, son dous exemplos desta situación.

Neste sentido, acumúlanse as queixas de profesionais e pacientes, tanto pola sobrecarga laboral que soportan os primeiros, como pola afectación que esta situación ten sobre a súa saúde e a súa calidade de vida en ambos colectivos. Un dos servizos que está a recibir importantes denuncias a este respecto é o de Oncoloxía Médica do CHUS, a pesar de que o cancro é unha das patoloxías máis sensíbeis a nivel poboacional e que supón unha maior repercusión vital que se suma á inherente á propia patoloxía.

Doentes de toda a área sanitaria de Santiago e o Barbanza levan meses denunciando a súa situación: citas de revisión que foron adiadas, demoras nas probas diagnósticas de control e estadiaxe ou incluso dificultades á hora de recibiren os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamentos. A respecto disto último, son moitas as queixas pola espera que teñen que padecer para poder recibir o tratamento intravenoso no propio día no que son citadas, motivada especialmente pola falta de persoal para a asistencia – nomeadamente de enfermaría –, provocando que moitas pacientes teñan que agardar horas para recibir a quimioterapia, co agravante que supón para as que residen máis afastadas de Compostela. Tamén estas demoras se producen á hora de recoller tratamento oral, cun persoal de farmacia completamente desbordado e que provoca esperas de varias horas para esta recollida de medicación. Tamén cómpre destacar que os colapsos que se dan noutros ámbitos teñen repercusión, coma a demora para as probas diagnósticas de imaxe, que provoca que estas revisións non sexan realizadas moitas veces atendendo a periodicidade establecida clinicamente, senón que se lle acumule o atraso por estas listas de espera.

O persoal non é alleo a esta situación tampouco, experimentando unha importante sobrecarga laboral, tanto entre as oncolóxicas, como enfermeiras e farmacéuticas, o que supón un foco de estrés con repercusión directa sobre a súa propia saúde. Ademais, unha parte importante deste mesmo persoal facultativo, tamén actualmente está asumindo a realización de gardas e reforzos de Área Médica no Hospital do Barbanza pola falta de especialistas en Medicina Interna que sofre este hospital, coa sobrecarga que supón para as mesmas e os trastornos que ocasiona no servizo á hora de cubrir os descansos regulamentarios.

Esta situación non é nova, pois as denuncias polas demoras nos tratamentos veñen producíndose desde hai anos, aínda que se atopa agravada após a pandemia da COVID19, e cun empeoramento no momento no que se resolveron os concursos de traslados e das OPE, circunstancias previsíbeis que non foron anticipadas debidamente e impactaron directamente sobre as pacientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación que soportan as pacientes de cancro no CHUS? Ten coñecemento das demoras que se teñen producido nas citas por adiamentos non establecidos clinicamente, por exemplo, polas altas listas de espera para a realización de probas diagnósticas?

– Considera o goberno que os cadros de persoal están correctamente dimensionados para a carga laboral que soportan?

– Ten coñecemento o executivo das dificultades que padecen estas pacientes cando acoden para recibir o seu tratamento?

– Cales son as medidas que están previstas para solucionar estas eivas e atender ás denuncias que se veñen producindo desde hai meses?

– Que actuacións se van acometer para atender ao déficit de persoal que presenta actualmente o Hospital da Barbanza e que repercute tamén directamente sobre o persoal e pacientes do CHUS?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2023 17:58:37

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2023 17:58:42

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2023 17:58:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as penalizacións impostas ás traballadoras convocadas para a cobertura transitoria de postos de funcionarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cobertura temporal dos postos de traballo tanto os reservados a persoal funcionario das administración xeral e especial, como os reservados ao persoal laboral da Xunta de Galiza regúlanse polo establecido no Decreto 37/2006, de 2 de marzo. Regulación que foi obxecto de numerosas modificacións, entre as que destaca a realizada por medio do Decreto 60/2019 na que entre outras aspectos se introduce a obriga dos aspirantes de empregar medios electrónicos para a emisión e recepción das notificacións dos chamamentos para o desempeño dos correspondentes postos de traballo. Asemade a Xunta de Galiza acorda que os chamamentos ás traballadoras farase por medio do sistema de notificación electrónica da Xunta de Galiza e adicionalmente por unha mensaxe vía SMS con acuse de recibo, entendéndose rexeitado o chamamento non atendido no prazo de 5 días naturais dende a súa posta a disposición.

Segundo información publicada recentemente a Xunta de Galiza penalizou a máis 5.660 traballadoras coa exclusión da posibilidade de novos chamamentos durante un período de 6 meses. O número de traballadoras penalizadas durante o ano 2022 incrementouse nun 50% en relación ás do exercicio anterior, sendo a cifra máis alta dos últimos 3 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non consta que o procedemento para a imposición de tan importante sanción sexa adoptado previa audiencia da interesada e xa que logo respectando o dereito de defensa da traballadora.

O elevado incremento de persoas sancionadas coincide coa posta en marcha do novo sistema para practicar as comunicacións polo que cumpre reflexionar sobre a eficacia do novo sistema utilizado para notificar os chamamentos para a cobertura de postos de traballo transitoriamente vacantes..

E por iso dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é o número de traballadoras penalizadas en cada un dos tres últimos exercicios por non atender o chamamento realizado para a cobertura temporal dun posto de traballo na Xunta de Galiza, excluídas as áreas de ensino e sanidade?

Cónstalle a Xunta de Galiza acreditado, no seu caso de que forma, que as persoas penalizadas durante o ano 2022 non atenderon o chamamento malia ter coñecemento efectivo do mesmo?

No seu caso, a que atribúe a Xunta de Galiza o eventual incremento na falla de atención aos chamamentos realizados?

Considera a Xunta de Galiza que os avisos por medio de mensaxe SMS ou vía telemática ofrecen maior garantía de chegares ao coñecemento da destinataria que a comunicación telefónica?

Entende a Xunta de Galiza que complementar o sistema actual co chamamento telefónico incrementaría as posibilidades de que a comunicación chegase a súa destinataria e xa que logo a cobertura na prestación do servizo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con carácter previo á imposición da penalización que comunicacións e emprazamentos realiza a Xunta de Galiza informando á traballadora da súa exclusión temporal da lista de contratación?

Considera que imposición de penalización sen audiencia previa da interesada ou sen posibilidade de contradición cumpre co dereito de defensa constitucionalmente recoñecido?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2023 18:19:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/03/2023 18:19:50

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2023 18:19:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a exclusión do galego no atendimento telefónico do grupo Naturgy.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten na enerxía un sector estratéxico polo seu papel produtor, pola importancia socioeconómica deste ben e pola súa achega en termos de PIB. Porén, tamén sofre as consecuencias dun modelo deseñado de costas aos intereses galegos, baixo un prisma centralista e sen unha participación e control público do sector, privatizado ao longo dos anos e controlado por grandes oligopolios.

Neste contexto, durante os últimos anos acelerouse no noso país un proceso de progresivo desmantelamento da xa reducida e adelgazada rede de servizos vinculados á xeración de enerxía, ben do ámbito técnico, ben do ámbito dos servizos de atención á clientela e comercialización.

Cómpre recordar, por exemplo, como despois de anos de mobilizacións por mor da baixada na carga de traballo, en agosto de 2019 consumábase a rescisión do contrato de Naturgy coa empresa Teleperformance, na Coruña, que pasou de ter unha parte importante do servizo de atención, telefónica ao cliente, así como unha importante carga de xestión de back office, que no ano 2012 supuñan arredor de douscentos postos de traballo máis a manter un reducido servizo en relación co gas e coa xestión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administrativa entre comercializadora e distribuidora. Máis adiante, en outubro de 2020, aproveitando a pandemia, Naturgy volveu reducir estes servizos.

É necesario sinalar que este paso adiante no desmantelamento non era novo e xa no ano 2013 Naturgy levou fóra a comercializadora de mercado libre (UFC) coa perda de 103 postos de traballo tamén na Coruña.

Unha situación que daba un novo e perigoso paso adiante en febreiro de 2022 cando Naturgy comunicaba a intención de deslocalizar a Madrid o Centro de Operación de Redes da Coruña, situado na avenida de Arteixo. No medio da pandemia da covid-19 a empresa anunciaba ao cadro de persoal esta decisión coma un feito consumado. Desta forma Naturgy afondaría na centralización de servizos, desta volta no Centro de Control Operativo de Madrid.

Esta decisión, camuflada pola empresa como “mera reorganización” tería profundas consecuencias. Dunha banda, supuxo a destrución no noso país de arredor de 30 postos de traballo; doutra banda, alén do importante impacto no cadro de persoal, de idade media alta e cos seus proxectos de vida persoais asentados na área da Coruña, acabaría ocasionando a perda futura destes postos e a perda dun coñecemento e experiencia asociados ao territorio e ás condicións e características do sistema eléctrico que son fundamentais para prestar un adecuado servizo básico para empresas e particulares, un servizo público de primeira necesidade que require ser ben coñecedor da realidade sociocultural galega, da ordenación xeográfica do territorio, da nosa lingua propia e oficial, o galego.

En setembro de 2022, o grupo Naturgy deu un novo paso adiante no traslado dos postos de traballo galegos cara a outros países, derivando o atendimento telefónico a Colombia e perdéndose en Teleperformance da Coruña 90 postos de traballo, substituídos por atención a distancia, con persoal alleo á nosa realidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actuación empresarial de Naturgy ten dúas consecuencias directas:

1- A destrución nos últimos anos de máis de 800 postos de traballo, maiormente mulleres e da Coruña.

2- A merma dunha atención de calidade á cidadanía galega.

Porque a experiencia e coñecemento por parte das traballadoras de Teleperformance da Coruña é garantía indiscutíbel de calidade e agora de novo a súa oferta volve verse restrinxida logo do anuncio por parte da empresa de que deixa de dar o servizo de atendimento telefónico en galego de 22.00 a 8.00, o que afectará ao horario de 12 persoas traballadoras.

Unha realidade que non sorprende á vista das actuacións da empresa Naturgy e que se comprometeu a observar con atención a propia Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade en resposta á nosa pregunta oral no pleno do 14 de setembro de 2022.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- É coñecedor o goberno da intención de eliminar o servizo de atendimento telefónico en galego de 22.00 a 8.00 horas?

- Entende o goberno que se están a respectar os dereitos lingüísticos das galegofalantes?

- Que accións vai impulsar a Xunta para que a empresa reverta a exclusión telefónica en galego de 22-00 a 8.00?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións vai impulsar a Xunta para que esta redución do servizo non conduza a unha nova redución de postos de traballo na empresa?

- Vai cumprir a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade os compromisos adquiridos no pleno en resposta á pregunta do grupo parlamentario do BNG?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2023 11:17:19

Daniel Castro García na data 16/03/2023 11:17:32

Daniel Pérez López na data 16/03/2023 11:17:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o recorte no incremento previsto pola Xunta no complemento autonómico das pensións non contributivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de marzo de 2023 a Xunta de Galiza aprobou o incremento do complemento autonómico das pensións non contributivas nun 6% así como o seu pagamento adiantado no vindeiro mes de abril, cómpre lembrás que de maneira habitual as persoas perceptoras deste tipo de pensións, recibían o devandito complemento no mes de decembro.

Ese incremento aprobado supón unha redución a respecto do anunciado previamente pola Xunta durante a tramitación dos Orzamentos de 2023. Naquela altura, o Goberno do Partido Popular asegurou –e así o introduciu na lei– un aumento do 7% (1,20 euros ao mes) que agora fican en apenas 1 euro mensual.

Cómpre lembrar que as pensións non contributivas son das prestacións sociais máis baixas e recíbenas por volta de 37 mil persoas en Galiza, a maior parte mulleres.

O complemento autonómico das PNC foi creado en 2005 co rexeitamento do Partido Popular que mesmo chegou a anunciar a súa supresión. Desde o regreso do PP ao Goberno da Xunta de Galiza mantivo, até agora, conxelada a contía complementaria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo en contextos socioeconómicos que deixaban as persoas perceptoras en situacións moi precarias.

De feito, a suba tanto anunciada como finalmente aprobada representa un incremento ínfimo nun contexto como o actual marcado por unha escalada dos prezos sen precedentes nos últimos corenta anos. Dito doutra maneira, mentres o custe da vida se encareceu até o extremo para milleiros de galegas e galegos, entre elas as máis vulnerábeis como as perceptoras das non contributivas, o Goberno do Partido Popular só incrementa 1 euro ao mes o seu complemento.

Unha suba insuficiente que ademais incumpre o que o propio goberno anuncio, que xa era pírrico (1,20 euros).

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Por que decidiu recortar a Xunta de Galiza a pírrica suba prevista do complemento autonómico das PNC?

- Cre que un euro ao mes serve para paliar, minimamente, a situación socioeconómica das persoas que perciben PNCs máis aínda nun contexto inflacionista como o actual?

- Vai manter e incrementar esta suba en próximas anualidades a Xunta así como o adianto do seu pagamento ou é só pola casual coincidencia de estarmos diante dun ano electoral coas municipais de maio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2023 11:54:57

Daniel Pérez López na data 16/03/2023 11:55:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O sistema sanitario público galego adolece, en especial a Atención Primaria, dunha situación de desatención tal por parte do Goberno que a cidadanía, sobre todo dos concellos de menor poboación, atópase desprotexida dun dos seus dereitos fundamentais como é o da sanidade.

Isto acontece no Concello de Rianxo, que dende hai anos padece unha situación de desleixo por parte da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza sen que ata o momento se lle dese unha solución, fundamentalmente no que se refire á cobertura inmediata das ausencias do profesional médico.

A situación máis recente produciuse hai unha semana, na que o centro quedou sen servizo de pediatría pola baixa da única profesional que atende os nenos e nenas dese concello. Esta pediatra leva soportando demasiado tempo unha carga asistencial inasumible, con xornadas nas que presta atención a cerca de 40 doentes, sen que se lle conceda persoal de apoio para aliviar a súa carga de traballo.

Actualmente, o servizo de pediatría en Rianxo estase ofrecendo de maneira rotativa de 8 a 12 horas con pediatras de Dodro, Boiro ou mesmo Valga para facer traballos ordinarios como vacinacións ou controis de saúde.



Xa a partir do mediodía, os nenos e nenas menores de 3 anos son desviados aos centros de saúde de Dodro e Boiro e os maiores desa idade son atendidos polos médicos de familia dos seus pais ou nais, o que está a incrementar a precarización da atención e o colapso dos cupos do persoal facultativo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Cando vai a substituír o Goberno Galego a ausencia da única pediatra que presta atención no centro de saúde de Rianxo?
2. É consciente o Goberno galego do prexuízo que está a causar ás familias de Rianxo a non cobertura da ausencia da pediatra, que ten que trasladarse a outros centros de saúde próximos para ser atendida?
3. Ten pensado contratar persoal de apoio para a única pediatra que asiste no centro de saúde de Rianxo e así aliviar a súa carga de traballo?
4. Ten previsto o Sergas contratar unha nova praza de pediatría para o centro de saúde de Rianxo?
5. Como pensa garantir o Goberno galego a axeitada cobertura pediátrica dos nenos e nenas do concello de Rianxo?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2023 12:20:12
Nº Rexistro: 51509
Data envío: 16/03/2023 12:20:12.851

Noa Susana Díaz Varela na data 16/03/2023 11:52:44

Julio Torrado Quintela na data 16/03/2023 11:52:59

Marina Ortega Otero na data 16/03/2023 11:53:10

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
186161

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación do Plan de Ordenación dos Espazos Marítimos (POEM) polo Consello de Ministros o pasado 28 de febreiro levouse a cabo sen a información das consecuencias que a instalación de parques eólicos mariños pode ter sobre a biodiversidade e os ecosistemas mariños e sen ter en conta a afectación que supoñerán para o sector pesqueiro galego, quen considera que supón un ataque frontal á súa actividade e á importancia económica e social que representa.

A decisión do Goberno español tampouco considerou os acordos tomados unánimemente no Parlamento galego e no Congreso dos Deputados, propostos pola Plataforma Manifesto de Burela, hoxe Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, que aglutina a todo o sector pesqueiro de Galiza e Asturias. E menos aínda a Resolución do Parlamento Europeo do 03 de maio de 2022, que recolle taxativamente que “só deben construírse parques eólicos mariños se pode garantirse que non haberá repercusións negativas de carácter medioambiental e ecolóxico, nin consecuencias económicas, socioeconómicas e socioculturais para os pescadores e os produtores acuícolas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas razóns entre outras lévannos a concluír que o Real Decreto 150/23, polo que se aproban os POEM, non respecta o máis mínimo principio de precaución e constitúe unha agresión sen precedentes ao sector pesqueiro e á capacidade produtiva de Galiza.

Resulta inadmisíbel que se traslade como parte da folla de ruta cara unha transición ecolóxica xusta a potencial ocupación de 2.200 quilómetros cadrados, o 44% do total de todo o Estado, por parques de eólica mariña fronte ás costas galegas, onde se concentra o maior número e os máis ricos caladoiros de pesca e onde desenvolve a súa actividade a maior frota pesqueira do Estado.

Só a pesca supón para Galiza o 1,8% do seu PIB e ofrece o 3% dos postos de traballo en Galiza, arredor de 31.000. O sector do mar no seu conxunto (pesca, marisqueo, miticultura, piscicultura e conserva) é a 4ª actividade económica do noso país, representa o 4,8% do PIB, supón 64.000 postos de traballo directos e 850 millóns de euros ao ano en salarios.

Sendo de grande importancia estes datos, o máis relevante da actividade directa e indirecta que xera a pesca é a súa capacidade de fixar poboación en toda a costa galega, xa que implica un enorme número de recursos e servizos que na súa maior parte se producen e adquiren en Galiza (transportes, asteleiros, frigoríficos, efectos navais, servizos de I+D, maquinaria, servizos portuarios ...). É o piar central de moitas vilas e comarcas, tanto polo seu impacto directo como polo soporte que representa para manter o comercio, a hostalaría, o turismo e unha mancha de actividades económicas que dan vida ao territorio.

Diante da magnitude destas cifras é verdadeiramente abraiante que non se contemplan estudos socioeconómicos ao respecto nos POEM, que se defendan uns





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

supostos beneficios ambientais, sociais, de creación de emprego e económicos que non existen máis que para un reducido número de multinacionais enerxéticas para as que o espolio dos nosos recursos si suporá unha inxente cantidade de rendementos dos que o noso país non tirará ningún proveito.

O sector pesqueiro galego xa está a dar resposta a este despropósito e conta co apoio da maioría da sociedade, consciente da ruína que pode significar a aplicación do POEM. É clamorosa, pola contra, a falta de pronunciamentos claros por parte do Goberno galego e unha postura contundente na defensa das competencias propias e dunha actividade económica fundamental para o país.

A día de hoxe descoñecemos aínda as consideracións que a Xunta de Galiza presentou no seu día ao POEM e a indefinición do seu posicionamento após a aprobación dos mesmos é evidente. O Goberno da principal potencia pesqueira do Estado e dunha das máis importantes da Unión Europea non foi quen aínda de opoñerse a unha ordenación que non deixa lugar para a dúbida sobre o que, de aplicarse, significaría para o sector pesqueiro e para Galiza no seu conxunto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego da aprobación do POEM por parte do Goberno español o pasado 28 de febreiro, nomeadamente do impacto nos ecosistemas mariños e na viabilidade do sector pesqueiro galego?

. Considera que, atendendo ao principio de precaución, ás características singulares da plataforma continental galega, ao impacto nos ecosistemas mariños e á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grave afectación ao sector pesqueiro galego e á nosa economía no seu conxunto, debe ser retirado e declarada a costa galega libre de instalacións de eólica mariña?

. Vai atender a Xunta de Galiza a reivindicación do sector pesqueiro galego e demandar a retirada do POEM? E a exclusión de Galiza de instalación de parques eólicos mariños?

. Vai esixir que se respecten as competencias de Galiza e que se teñan en conta á hora de tomar calquera decisión sobre a ordenación do noso espazo mariño?

. Ata cando vai seguir incumprindo o artigo 9 do Regulamento do Parlamento galego? Cando vai trasladar aos Grupos Parlamentares as consideración que presentou no seu día aos POEM?

. Que actuacións vai levar a cabo para posibilitar a volta ao consenso do 2009 no Parlamento galego para deixar a Galiza libre de eólica mariña?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2023 12:55:34

Carmela González Iglesias na data 16/03/2023 12:55:38

Daniel Castro García na data 16/03/2023 12:55:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A Comisión Galega da Competencia (en adiante CGC), órgano colexiado adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, é o organismo encargado da aplicación en Galicia da Lei de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. A tal fin, a Comisión ten a obriga de instruír e sancionar as condutas empresariais prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da citada lei de defensa da competencia que teñan efectos unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

A CGC fixo pública recentemente unha resolución de decembro de 2022 (6/2022) na que considera prescrita unha denuncia sobre dúas empresas relacionadas entre si que presentaron unha mesma oferta técnica a un concurso público da Amtega (inicialmente licitado por 304.000 máis IVE e logo incrementado en 6 meses de prazo e ata un prezo de medio millón de euros IVE incluído) para mellorar o sistema de gravación das vistas orais nos xulgados. O contrato formalizouse o 12-12-2017. A resolución considera acreditado que as dúas empresas falsearon a libre competencia por presentar exactamente a mesma proposta técnica, pero tamén que xa prescribían os feitos polo transcurso de algo máis de catro anos desde a formalización do contrato. A irregularidade foi detectada pola Intervención Xeral da Xunta na realización dunha auditoría a *posteriori* sobre os fondos europeos empregados para financiar o contrato, e denunciada pola AMTEGA ante a CGC.



Na súa resolución, a CGC sinala que *“resulta fundamental que haxa unha maior axilidade (e maior celo) na actuación das mesas de contratación na detección e denuncia de actuacións que podan ser constitutivas de infraccións anticompetitivas nas licitacións públicas para evitar futuras prescricións en supostos de infracción”*.

Por outra banda, en 2019 a Xunta (concretamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixida por Francisco Conde) sacou a concurso público por 2,5 millóns de euros a obra da nova oficina central de emprego de Lugo. Durante o proceso de valoración das ofertas recibidas a mesa de contratación detectou que dúas delas, formuladas por tres empresas de construción de Ourense, dúas delas en UTE, eran idénticas. En febreiro de 2020 a mesa de contratación puxo os feitos en coñecemento da CGC, que en febreiro de 2022 incoou un expediente sancionador tras constatar que se trataba de “idénticas ofertas” apreciando “a existencia de indicios racionais dunha posible conduta prohibida”.

A comezos de 2023 a CGC fixo pública a súa resolución (3/2022), na que revela que tras incoar un expediente sancionador decidiu poñerlle fin sen sanción económica (o que tecnicamente se coñece como “terminación convencional”) coa contrapartida de que as empresas se comprometesen a respectar a normativa de competencia que antes vulneraran, así como a publicar durante dous anos nas súas webs corporativas “a versión íntegra da resolución” de Competencia “na páxina principal e lugar visible” e comunicar ás asociacións do sector os ditos compromisos e a resolución de Competencia, ademais de presentar ante Competencia un “proxecto de programa de cumprimento en materia de defensa da competencia” que deberán executar durante un ano. Ademais de semellar contraria aos criterios sobre terminación convencional da CNMC, as empresas en cuestión unicamente publicaron nas súas páxinas web un enlace minúsculo e apenas visible á resolución de



competencia, radicado no espazo inferior desas páxinas, non visible a non ser que se busque expresamente.

Chama a atención que unha comisión que debería ser independente teña entre as tres persoas que forman o seu pleno dous ex deputados do Partido Popular. Chama tamén a atención –considerando que a Xunta de Galicia tramitou no ano 2022 205.419 expedientes de contratación por valor de 2.233 millóns de euros- que o número de resolucións emitidas en 2022 polo CGC fora de 6, no 2021 de 5 e no 2020 de 6, o que implica unha media nos tres últimos anos de 5,66 resolucións por ano, das cales como pode verse moitas non rematan en sanción.

Tamén chama a atención que a pesar de ser desveladas na prensa en diversas ocasións sospeitosas adxudicacións de contratos por parte da Xunta e entidades dela dependentes ao Grupo EULEN do que é alta directiva a irmá do Sr. Feijóo nunca foran investigadas pola CGC esas adxudicacións. Ademais, a Xunta de Galicia outorga a dedo máis de 4 de cada 10 euros do total que contrata cada ano, unha porcentaxe significativamente superior á da maior parte de administracións públicas do Estado.

Todo isto conforma unha sospeita máis que razoable de falla de independencia do órgano teoricamente encargado de velar pola competencia en Galicia, de escaso e ineficaz traballo por parte dese órgano e de falla absoluta de control por parte da Xunta respecto do cumprimento dos criterios de libre concorrência e non colusión entre empresas na contratación pública.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que a Comisión Galega da Competencia cumpre con eficacia e independencia as súas funcións de defensa da competencia como órgano instrutor e sancionador considerando que está



presidida por un ex deputado do PP, que 2 dos 3 membros do seu pleno son deputados do PP e que entre os anos 2020, 2021 e 2022 tramitou unha media de menos de 6 expedientes cada ano e moitos deles nin sequera remataron en sanción a pesar de tramitarse no ámbito da Xunta cada ano máis de 200.000 expedientes de contratación?

2. Considera a Xunta de Galicia que a contratación pública no ámbito da Xunta de Galicia e das súas entidades instrumentais cumpre os criterios de competencia, libre concorrência e legalidade?

3. Ten a Xunta de Galicia algún protocolo de actuación sobre condutas sospeitosas en materia de contratación que implique que os órganos contratantes dean conta desas condutas aos órganos administrativos ou xudiciais (xulgados, fiscalía) que teñen a obriga de investigar as prácticas contractuais contrarias á lei?

4. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo algún tipo de medida ante a consideración da Resolución 6/2022 da Comisión Galega da Competencia de que “resulta fundamental que haxa unha maior axilidade (e maior celo) na actuación das mesas de contratación na detección e denuncia de actuacións que podan ser constitutivas de infraccións anticompetitivas nas licitacións públicas”?

5. Cantas condutas contrarias á Lei de competencia detectou a Xunta de Galicia no ámbito de contratación das consellerías e entidades instrumentais dela dependentes nos últimos 5 anos?

6. Cantas sancións foron impostas por infraccións da lexislación de competencia nos últimos 5 anos no ámbito da administración autonómica galega e entidades dela dependentes?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2023 13:03:06
Nº Rexistro: 51528
Data envío: 16/03/2023 13:03:06.429

7. Por que importes?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/03/2023 12:05:21

Paloma Castro Rey na data 16/03/2023 12:05:38

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
✉ 71 Madrid

186171

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o necesidade de que as comunidades relixiosas con arraigamento en Galiza teñan un espazo para enterramentos acorde coas súas crenzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ismael tiña 16 anos. Era un mozo de Arcade, alegre e cheo de vida que despois de meses loitando contra unha grave enfermidade deixounos o pasado mes de xaneiro.

A perda de Ismael, foi un duro golpe para a comunidade educativa do IES de Soutomaior, para a comunidade musulmá e para toda a veciñanza de Soutomaior que sentimos a dor e a ausencia de Ismael a carón da súa familia.

A comunidade musulmá de Soutomaior, e dos concellos da contorna, é unha das máis numerosas do país. Levan décadas con nós, sendo un exemplo de convivencia, mais tamén padecendo as dificultades que en demasiadas ocasión implica a emigración.

A perda de Ismael evidenciou de xeito drástico unha destas dificultades ás que se enfrontan os nosos veciños e veciñas musulmá para poder vivir as súas crenzas cos mesmos dereitos que calquera outro veciño. Dificultades que se atopan en diversos ámbitos da vida mais que nesta ocasión se evidenciaron na imposibilidade de poder honrar aos seus falecidos seguindo as súas crenzas relixiosas.

A ausencia de cemiterios para que a comunidade musulmá que vive con nós poida dar sepultura aos seus seres queridos seguindo as súas crezas relixiosas motiva





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que, en moitas ocasións, as familias se vexan na obriga de ter que expatriar os corpos dos seus seres queridos. Estamos a falar de familias que en moitos casos levan décadas vivindo aquí e de persoas que naceron en Galiza. Mais a ausencia destes espazos fai que non poidan escoller entre ser enterrados aquí ou no seu país de orixe, e que teñan que facer fronte a uns gastos de expatriación que ascenden a máis de 6.000 euros para familias que en ocasións padecen importantes dificultades económicas.

Foi hai xa case 5 anos, o pasado 5 de abril de 2017, que este Parlamento acado por unanimidade un acordo para garantir o dereito de todas as persoas que tiñan crenzas relixiosas minoritarias en Galiza, pero que tiñan un arraigamento importante no país, puidesen levar adiante os seus enterramentos seguindo as súas crenzas.

En concreto o acordo acadado contemplaba o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Impulsar, conxuntamente coa FEGAMP, coa que se acordarán as fórmulas e prazos concretos, a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas minoritarias con maior arraigamento en Galicia, no marco da normativa xeral e sectorial.

- Modificar o Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia, para regular aqueles enterramentos que teñan que ser feitos en contacto coa terra”.

Naquel pleno, ao que asistiron representantes de diferentes colectivos relixiosos abordáronse as dificultades que estas comunidades tiñan para poder exercer este dereito e o acordo abriu unha ventá de esperanza para que estas familias puidesen ter os mesmos dereitos que calquera outra en momentos tan difíciles . Pero desafortunadamente, 5 anos despois de ter acadado este acordo todo quedou nunha mera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

declaración de intencións e o que alí se contemplaba nunca tivo concreción real. O caso de Ismael foi a evidencia de que nada se avanzou dende hai a 5 anos que se aprobou esta iniciativa.

Dende o BNG entendemos que este acordo foi un avance importante e que debemos dar un impulso definitivo para que esta situación, que motivou situacións tan dramáticas como a de Ismael, nunca máis volvan producirse.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que medidas ten pensado levar adiante o goberno galego para garantir que as comunidades relixiosas con arraigamento en Galiza teñan un espazo para enterramentos acorde coas súas crenzas?

2. Vai o goberno galego impulsar no prazo dun mes unha xuntanza cos representantes da FEGAMP para , coa que se acordarán as fórmulas e prazos concretos, a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas minoritarias con maior arraigamento en Galiza, no marco da normativa xeral e sectorial?

3. Vai a Xunta de Galiza modificar o Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galiza, para regular aqueles enterramentos que teñan que ser feitos en contacto coa terra?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/03/2023 13:24:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/03/2023 13:24:40

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2023 13:24:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o número de prazas de escolas infantís públicas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Xunta de Galiza anunciou pouco despois de tomar posesión no cargo, en 2022, que ampliaría o número de prazas en escolas infantís. De feito, situou ese aumento en 3.400 prazas.

En realidade, o anuncio facíao o Goberno galego pero quen debe habilitar esas prazas son os concellos pois, na práctica, o que fixo a Xunta foi abrir unha convocatoria de axudas públicas para a creación de novas escolas infantís municipais.

Tratouse, pois, de 34,8 millóns de euros (con cargo a fondos europeos) para financiar a posta en marcha de máis de 3400 prazas de 0 a 3 anos a través de axudas dirixidas á construción de novos centros, a ampliación das xa existentes

É evidente que Galiza non conta cunha rede de escolas infantís públicas suficiente para garantir o acceso de todas as crianzas. De feito, a implantación da gratuidade da escola infantil (dos custes educativos asociados á mesma) supuxo un aumento moi notable da demanda de praza deixando moitas crianzas en listaxe de agarda nas públicas, mais tamén nas privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, hai moitos concellos que non poden asumir o custe que carrega o sostemento deste servizo público tendo en conta, ademais, que a regulación da gratuidade lles obriga a asumir un maior esforzo orzamentario que as empresas privadas, como ten denunciado o G.P. do Bloque Nacionalista Galego en anteriores ocasións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Cantas prazas e escolas infantís novas se crearon en Galiza desde 2022?
- Cre o Goberno galego que o noso país conta cunha rede pública de escolas infantís suficiente?
- Vai mudar a Xunta de Galiza a orde de axudas que regula a gratuidade das escolas infantís para que exista un maior equilibrio naquelas que son de titularidade municipal a respecto das privadas?
- Por que non impulsa a propia Xunta de Galiza a creación de novas escolas infantís alí onde exista maior demanda?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2023 13:27:42

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2023 13:27:57

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2023 13:28:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª**.

Nos datos estatísticos sobre contratación no ámbito da Xunta de Galicia correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021, publicados conxuntamente a principios de 2022, podía observarse que o 39,2 % dos contratos das consellarías e entidades dependentes da Xunta adxudicáronse polo procedemento correspondente aos contratos menores ou negociados (con ou sen publicidade).

Máis concretamente, os menores representaron o 33,49 %, o cal implica que unha figura concibida como residual estase usando con carácter ordinario, abrindo unha porta evidente á discrecionalidade no emprego dos recursos públicos e, por tanto, á corrupción, ademais de menoscabar a competencia e o fomento dunha contratación socialmente eficiente.

Nos datos correspondentes ao ano 2022 esta situación, reiteradamente criticada no Parlamento polo Grupo Parlamentario Socialista, lonxe de mellorar, empeora. Así, o 34,14 % do importe total foi adxudicado mediante contratos menores, o 10,46 % mediante negociados sen publicidade e o 1,51 % mediante negociados con publicidade. Deste xeito, un terzo da contratación faise por vía dunha figura deseñada como excepcional como é o contrato menor, e o 46 % da contratación da Xunta faise por este sistema ou por procedemento negociado, é dicir, sen concorrência competitiva, excluindo a competencia.



A isto engádese que a publicación dos contratos menores estase facendo nun formato que impide o seu control e análise, na medida en que non se poden filtrar, por exemplo, os datos correspondentes aos contratos dunha determinada empresa, senón que hai que ir buscando un por un entre centos e centos de contratos de distintos departamentos. Isto dificulta enormemente o control e impide a transparencia, que queda deste xeito en meramente formal, incrementando aínda máis as facilidades para a corrupción, especialmente tendo en conta que unha das súas fontes principais no noso país é o fraccionamento irregular de contratos.

Na Administración Xeral do Estado as adxudicacións directas ou negociadas representan menos do 19 % dos importes contratados, nas comunidades autónomas non excede normalmente do 30 % (con comunidades como o País Vasco que adxudican mediante procedemento aberto o 90 %), nas deputacións provinciais tamén e menor do 20 % (coa destacadísima excepción da de Ourense, que multiplica por catro esa porcentaxe) e no conxunto das entidades locais non chega ao 14 % conforme aos datos do Rexistro de Contratos do Sector Público.

Por outra banda, sendo o órgano encargado de velar pola competencia nas contratacións públicas a Comisión galega da competencia, chama a atención que unha comisión que debería ser independente teña entre as tres persoas que forman o seu pleno dous ex deputados do Partido Popular, entre eles o seu presidente. Chama tamén a atención –considerando que a Xunta de Galicia tramitou no ano 2022, 205.419 expedientes de contratación por valor de 2.233 millóns de euros- que o número de resolucións emitidas en 2022 polo CGC fora de 6, no 2021 de 5 e no 2020 de 6, o que implica unha media nos tres últimos anos de 5,66 resolucións por ano, das cales moitas non rematan en sanción por diversos motivos.



Ademais, a pesar de ser desveladas na prensa en diversas ocasións sospeitosas adxudicacións de contratos por parte da Xunta e entidades dela dependentes ao Grupo EULEN do que é alta directiva a irmá do Sr. Feijóo, nunca foron investigadas pola Comisión galega da competencia esas adxudicacións, estando aínda pendentes de remisión por parte da Xunta ao Parlamento dos contratos correspondentes a ese grupo que foi acordada polo propio Parlamento a instancia do Grupo Socialista en outubro de 2022.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno de Galicia de que ter unha porcentaxe significativamente maior que a media das administracións públicas do Estado en canto a uso de contratos menores e negociados menoscaba a competencia no ámbito da contratación pública e abre a porta á corrupción?

2ª) Por que a Xunta usa con carácter ordinario un procedemento que está concibido como residual como é o contrato menor?

3ª) Por que a Xunta non facilita os datos de contratos, especialmente os menores, nun formato que facilite a súa análise e control?

4ª) Ten a Xunta de Galicia algún protocolo de actuación para que os órganos de contratación detecten e comuniquen as situacións ou indicios de irregularidades?

5ª) Considera o Goberno de Galicia que a Comisión galega da competencia cumpre con eficacia e independencia as súas funcións de defensa da competencia como órgano instructor e sancionador tendo en conta que está presidida por un ex deputado do PP, que 2 dos 3 membros do seu pleno son deputados do PP e que entre os anos 2020, 2021 e 2022 tramitou unha media de menos de 6 expedientes cada ano e moitos deles nin sequera remataron en



sanción a pesar de se tramitaren no ámbito da Xunta cada ano máis de 200.000 expedientes de contratación?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/03/2023 12:07:42

Paloma Castro Rey na data 16/03/2023 12:07:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática. Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Un decreto que está desenvolvido e actualizado na Orde do 8 de setembro de 2021. Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características,



potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Do que se trata, como se indica no apartado Uno do artigo único da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal. Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.

Nos últimos tempos nenos e nenas, familias e persoal docente veñen padecendo unha realidade complicada provocada polas sucesivas crises a distintos niveis e que derivou nun aumento exponencial do alumnado con todo tipo de necesidades, tanto específicas de apoio educativo (NEAE) como necesidades educativas especiais (NEE).

Neste contexto resulta absolutamente intolerable os recortes educativos que están a afectar ao conxunto da cidadanía da Costa da Morte. A Xunta de Galicia, despois de non dar resposta ás necesidades demandas polas familias de diferentes colexios no comezo deste curso escolar 2022-2023, ignora agora as necesidades e demandas trasladadas por familias con nenos e nenas con necesidades especiais da Costa da Morte; así como por parte das diferentes organizacións e colectivos da comarca. Familias do alumnado que non ten garantido o seu dereito a un ensino equitativo, público e de calidade e que vén padecendo a falta de recursos nos centros ordinarios e tamén nos centros especiais, situados estes moi lonxe dos seus lugares de residencia. Ademais da distancia, engádese a dificultade de que estes centros públicos de



educación especial teñen listas de agarda, polo que aínda son novamente derivados a outros centros especiais xestionados por asociacións ou entidades privadas, o que é o mesmo, derivados a centros concertados.

Esta práctica por parte do Goberno galego de fomento da escola concertada é un exemplo máis dunha estratexia a prol da privatización duns servizos que por lei deben estar garantidos pola Administración pública. Como consecuencia as familias se vén obrigadas a soportar un sobrecusto económico para a escolarización obrigatoria do seu fillo ou filla con gastos que se sitúan de media nuns 250 € ao mes entre cotas, servizos de comedor e de transporte.

De feito, o transporte non está cuberto na súa totalidade xa que carece de servizo os cinco días da semana con saída e chegada nos pobos costeiros da comarca e coa carencia de coidadores e coidadoras con formación específica para atender ao alumnado con necesidades especiais.

A esta falta de recursos ao inicio deste curso, a esta falta de igualdade de oportunidades para o alumnado con necesidades educativas especiais e específicas súmase o anuncio de peche do centro de educación especial Aspaber, único con estas características na Costa da Morte. Ante esta nova a única resposta da Xunta de Galicia ás familias afectadas foi a de escolarizar os seus fillos e fillas en centros ordinarios que carecen de recursos ou o traslado á Coruña e Santiago, onde non hai prazas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego habilitar antes do inicio do curso 2023-2024 un Centro de Educación Especial na Costa da Morte, que abarque as necesidades de todo o alumnado con necesidades educativas especiais da comarca?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51553
Data envío: 16/03/2023 14:00:45.976

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2023 12:58:14

Noelia Otero Lago na data 16/03/2023 12:58:30

Julio Torrado Quintela na data 16/03/2023 12:58:43

Marina Ortega Otero na data 16/03/2023 12:58:53

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

186186

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O pasado luns 13 de marzo, Mayte Cabezas atopouse cunha carta na mesa na que se comunicaba o seu traslado obrigatorio á Radio Galega despois de máis de 30 anos como xornalista e cara visible como presentadora na TVG. Ante a ausencia de explicacións para tan abrupto cambio, a presentadora considera que se trata dunha nova represalia en forma de traslados forzosos como a que destacados e destacadas xornalistas da CRTVG sofren nestas últimas semanas. A xornalista ademais dunha cara recoñecida cunha longa traxectoria profesional na TVG, é filla dunha vítima do terrorismo dos Grapo no ano 1989.

O traslado prodúcese pouco despois de que no marco do aniversario do asasinato, Mayte fora entrevistada o 7 de marzo na Cadena Ser. Poucos días despois no marco do 11 M e tras escoitar declaración de Alberto Núñez Feijóo sobre o compromiso con todas as vítimas do terrorismo, Mayte publica nas súas redes sociais unha crítica sobre os incumprimentos coas vítimas de Alberto Núñez Feijóo na súa etapa como presidente da Xunta de Galicia.

Lembra que no ano 2019, durante unha homenaxe da Garda Civil o por aquel entón presidente do Goberno galego comprometeuse persoalmente con ela, segundo relatou a propia xornalista, á posta en marcha inmediata dunha lei de apoio ás vítimas do terrorismo. “Non hai lei nin se lle espera” censurou esta filla dun asasinado con toda lexitimidade como afectada “*mentres que noutras comunidades si*”. A presentadora opina no seu muro persoal de Facebook “*con maioría absoluta deu as costas sistematicamente ás vítimas*” e dous días despois



o 13 de marzo, cando chegou ao seu posto de traballo na TVG, recursos humanos comunicáballe que pasaría a traballar na radio. A explicación e motivos logo de máis de 30 anos non chegan e os seus responsables directos trasladan que “son ordes superiores”. Mayte Cabezas non atopa outra explicación ao ocorrido que o castigo por criticar a Feijóo.

“Formeime durante 30 anos en televisión. Ata o mes pasado. Teño máis de 50 anos e non sei facer nada na radio. É unha incompreensión total, e as maneiras, unha falta de respecto a 30 anos de servizo público”. Este traslado súmase aos producidos e denunciados nas últimas semanas de profesionais con dilatada e contrastada experiencia que se negaron a manipular a favor do Partido Popular. Esta é unha das razóns das mobilizacións e calendario de folga convocado na CRTVG. Tal é a situación e o clima laboral de persecución que xa quedara acreditado nunha sentenza do TSXG que ratifica en firme unha sentenza anterior constatando a existencia de “represalias” censura e vulneración dos dereitos fundamentais dun traballador pola defensa da súa independencia e posicionamento no movemento Venres Negro contra a manipulación da CRTVG. A isto súmase o chamamento e preocupación expresados desde a o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: “pola deterioración das relacións laborais que se está a producir na Corporación Radiotelevisión de Galicia. No último mes, foron múltiples as queixas e solicitudes de amparo que chegaron a este colexio sobre traslados forzosos e inmediatos de persoal entre os diferentes postos de redacción da corporación.

A isto sumouse a pasada semana o anuncio de limitacións para a celebración de asembleas do persoal nas instalacións da CRTVG”. Por todos estes motivos, o 21 de febreiro, o Colexio de Xornalistas enviou unha carta ao Director de Recursos Humanos da CRTVG, solicitándolle unha exposición detallada das razóns que xustificarían as mudanzas de postos de traballo malia aos efectos nocivos para a información da cidadanía e a estabilidade do cadro de persoal. A resposta de Víctor Tubío Villar foi que estas valoracións lle correspondían á dirección



executiva da Corporación, polo que, ao día seguinte, o Colexio elevou a súa petición ao Director Xeral. Nunha carta recibida no Colexio o 8 de marzo, Alfonso Sánchez Izquierdo declinou facilitar información sobre o particular, asegurando que a dirección xa dá conta das decisións ante o Consello de Administración, o Parlamento de Galicia ou o Consello de Contas de Galicia. or todos estes motivos, o 21 de febreiro, o Colexio de Xornalistas enviou unha carta ao Director de Recursos Humanos da CRTVG, solicitándolle unha exposición detallada das razóns que xustificarian as mudanzas de postos de traballo malia aos efectos nocivos para a información da cidadanía e a estabilidade do cadro de persoal. A resposta de Víctor Tubío Villar foi que estas valoracións lle correspondían á dirección executiva da Corporación, polo que, ao día seguinte, o Colexio elevou a súa petición ao Director Xeral. Nunha carta recibida no Colexio o 8 de marzo, Alfonso Sánchez Izquierdo declinou facilitar información sobre o particular, asegurando que a dirección xa dá conta das decisións ante o Consello de Administración, o Parlamento de Galicia ou o Consello de Contas de Galicia. Ante a negativa a xustificar a difícil posición na que se están a colocar os medios públicos galegos, e como entidade de dereito público creada pola lei 2/1999 do Parlamento de Galicia e que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia dirixiuse entón ao Consello de Administración da CRTVG, aos distintos grupos parlamentarios galegos, e a todos os membros da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, para solicitarlles que trasladen pola vía correspondente a inxerencia e as demandas deste Colexio. Desde o Colexio de Xornalistas “vese ademais con inquietude o detrimento da calidade da información que poden causar as mudanzas non negociadas de postos de traballo, realizadas de xeito automático, entre medios tan distintos como os que integran a CRTVG, con linguaxes, técnicas e especificidades propias”.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son, exacta e realmente, as razóns que xustificarían as mudanzas forzosas e inmediatas de postos de traballo de determinados profesionais?
2. Por que non recoñecen que eses traslados son simplemente represalias exemplarizantes contra traballadoras e traballadores?
3. Sendo o Colexio Profesional de Xornalistas unha entidade que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, como valoran a preocupación e denuncia sobre o que consideran tamén traslados forzosos e deterioración das relacións laborais?
4. O Colexio de xornalistas, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha sentenza firme, sindicatos e demais, comparten e acreditan que na CRTVG existe censura, represalias e vulneración dos dereitos fundamentais das e dos profesionais? Segue a Xunta a negar e menosprezar a manipulación constatada cada vez por máis voces independentes?
5. Considera xustificado que profesionais con 20 e 30 anos de experiencia sexan vítimas de traslados forzosos a postos de traballo que non teñen nada que ver coas súas destrezas, currículo e que mesmo afectan a equipos máis grandes que se ven afectados como no caso de Mayte Cabezas?
6. Consideran que é casual que, en todos os casos de traslado forzoso e abrupto, haxa incidentes relacionados con informacións ou opinións que afectan ao Partido Popular?
7. Considera respectar a profesionalidade e dedicación de décadas de profesionais traslados forzosos sen mediar argumentos nin explicacións?
8. Porque se responden a cambios naturais ningún responsable ten trasladado explicacións concretas ás vítimas dos mesmos?

Santiago de Compostela, 15 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2023 16:30:13
Nº Rexistro: 51560
Data envío: 16/03/2023 16:30:13.815

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/03/2023 16:23:14

Noa Susana Díaz Varela na data 16/03/2023 16:23:24

Paloma Castro Rey na data 16/03/2023 16:23:37

Pablo Arangüena Fernández na data 16/03/2023 16:23:48

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
186191

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Partido Popular vén cualificando dende hai case dous anos de “incidencias puntuais” a grave problemática que está a padecer a cidadanía da comarca da Barbanza por mor dos variados e reiterados incumprimentos da empresa concesionaria do transporte público, Monbus, na zona.

No entanto, as queixas sucédense dende o momento en que se puxo en marcha o Plan de Transporte Público de Galiza e as novas concesións da Xunta de Galiza. Foron varias as iniciativas que o Bloque Nacionalista Galego trasladou á Cámara galega nestes últimos anos e, sobre todo, foron e seguen a ser moitas, cada vez máis, as persoas que nos fan chegar a nós, e tamén á Administración galega, os problemas continuos do transporte público que lles dificultan a vida de xeito insoportábel.

Na sesión da Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do 28 de abril de 2022 acordouse, por unanimidade e a iniciativa deste Grupo Parlamentar:

- Estudar os múltiples e importantes problemas que se están a rexistrar no transporte público da comarca da Barbanza e adoptar as medidas oportunas que garantan o cumprimento das condicións do contrato e, de ser o caso, abrir os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expedientes e interponer as sancións oportunas por incumprimento das devanditas condicións.

- Demandar da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza a mellora da información de cara ao público, poñendo á súa disposición a información dos horarios en todas as marquesiñas e paradas nas distintas localidades.

- Trasladar todos os problemas mencionados a Monbus e instala a cumprir cos horarios e as condicións do contrato, garantir a atención ao público de maneira presencial e resolver todos os problemas que se lle trasladen, así como os que lle fixeron chegar os concellos da Mancomunidade Arousa Norte.

Pois ben, en apenas un ano, leváronse a cabo na Barbanza, ademais doutras actuacións, tres recollidas de sinaturas entre a cidadanía para denunciar os incumprimentos de Monbus e da propia Xunta de Galiza. Miles de persoas que expresaron o seu malestar e a súa denuncia e que están fartas das incontábeis deficiencias dun servizo esencial e absolutamente imprescindible no noso país.

O mal funcionamento das liñas dentro de cada concello, entre concellos da comarca, entre comarcas (nomeadamente, entre A Barbanza e Muros e Noia) e entre a comarca e outros puntos do país (nomeadamente, a capital de Galiza) faise insoportábel : Os horarios incúmptense flagrantemente, con retrasos inxustificables e mesmo autobuses que non pasan nas horas indicadas; o transporte escolar é incapaz de atender ao alumnado dos centros da comarca e, en moitos casos, son os pais e nais dese alumnado quen realiza a función de “transporte escolar” que debera garantir a Xunta de Galiza; a conexión co Hospital da Barbanza, e mesmo cos Hospitais de Conxo e Clínico de Santiago é escasa, impuntual e non se adapta aos horarios laborais e, en xeral, dos usuarios e usuarias; o estado dos autobuses é nalgúns casos calamitoso e non garante o dereito ao acceso a persoas con dificultades de mobilidade; etc., etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais do anterior, que se recolle en numerosos atestados policiais, temos constancia que a empresa concesionaria nega sistematicamente as follas de reclamación a quen llas demanda, incumprindo cando menos a Lei 4/2013, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galiza, e a Lei 2/2012, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

O Goberno galego non pode continuar permitindo que se produzan estas gravísimas situacións, non pode seguir consentindo o incumprimento da lei e o desprezo polos usuarios e usuarias por parte da empresa concesionaria e debe obrigala a poñer fin de xeito urxente a este despropósito. As queixas e as denuncias levan tempo chegando aos correspondentes departamentos da Xunta sen que se tomen as medidas necesarias para garantir un servizo esencial como o é un transporte público de calidade ao que a cidadanía ten dereito.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que valoración fai o Goberno galego, nomeadamente a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do funcionamento da empresa concesionaria do transporte público na comarca da Barbanza?

. Que actuacións levou a cabo como consecuencia do acordo unánime do Parlamento galego do pasado 28 de abril de 2022?

. Aperturou neste tempo algún tipo de expediente informativo e/ou sancionador por incumprimento á empresa concesionaria?

. Está a dar cumprimento estrito ao acordo unánime do Parlamento galego do 28 de abril de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións vai levar a cabo diante das queixas e denuncias constantes da cidadanía da comarca da Barbanza a respecto do lamentábel funcionamento do transporte público?

. Que actuacións está disposta a poñer en marcha de persistiren os incumprimentos continuos e reiterados da empresa de transporte público nesa comarca?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2023 16:27:51

Paulo Ríos Santomé na data 16/03/2023 16:27:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades educativas no IES de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo do ano 2015 entraba no rexistro de entrada do Concello de Soutomaior o proxecto para a construción do novo IES. Un proxecto, que tal e como denunciou o BNG, tan só tiña 12 unidades e unha capacidade para 360 alumnos; o que na práctica implicaba construír un instituto sen sequera bacharelatos.

Foi neste entón que ante as mobilizacións do BNG e da sociedade no pleno, na rúa ou neste mesmo parlamento, que a Xunta tivo que retirar aquel primeiro proxecto inaceptábel para as necesidades do concello.

Esta situación debería ter obrigado á Xunta a modificar o proxecto inicial, pero dende a Consellaría e o Goberno Local decatáronse de que se facía un novo proxecto, non poderían inaugurar o IES antes das eleccións e no canto de elaborar un novo proxecto ampliado e adaptado as necesidades obxectivas de Soutomaior, optaron por construír no mesmo espazo pensado para 12 unidades un instituto de 16.

As consecuencias desta chapuza non se fixeron agardar e o instituto ficou insuficiente para as necesidades educativas da contorna no mesmo ano da súa inauguración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No inicio deste curso, as consecuencias desta actuación e dos recortes da consellaría de educación estanse a facer máis intensos se cabe: 30 alumnas apiñocadas en aulas diminutas, 4 departamentos de 7 m² cada un para 42 profesores, falta de espazos para ofertar modalidades como FP básica, limitacións na oferta de bacharelato por falta de aulas, aulas de informática eliminadas para reconvertelas en aulas ordinarias, laboratorios aos que só se pode acceder con desdobres ou situacións tan esperpénticas como que os días de choiva o alumnado non teña sequera patio cuberto polo que ten que quedar na aula ou polos corredores....

Pero se a situación do curso pasado foi dramática, no actual estamos a ver que pode ir a peor. O propio consello escolar, xa tivo que establecer criterios de admisión, demostrando que, tal e como sinalou o BNG, o IES é insuficiente para acoller a demanda de matrícula existente.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Pensa a Consellaría de Educación que é aceptábel a actitude que está a ter coa comunidade educativa de Soutomaior?

- Que medidas vai adoptar o Goberno Galego para atender as necesidades educativas do IES de Soutomaior?

- Vai o goberno galego atender as necesidades a respecto da dotación de persoal e recursos necesarios para o IES de Soutomaior, que foron remitidas á Xefatura Territorial e aprobadas polo Consello Escolar ?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza, construír un pavillón deportivo cuberto que ademais de dar un servizo necesario, poida reconverter o actual ximnasio en aulas para poder atende a demanda de alumnado que existe?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/03/2023 16:30:18

Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2023 16:30:22

Daniel Castro García na data 16/03/2023 16:30:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara,, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**

A pandemia da covid-19 puxo de manifesto as grandes deficiencias nos centros de atención ás persoas maiores na nosa comunidade, a necesidade de atender aos maiores con calidade asistencial e o preciso compromiso por parte do Goberno galego cun modelo de atención que priorice as residencias públicas, co fin de garantir unha maior eficiencia na xestión adaptada ás posibilidades económicas das persoas usuarias.

A conselleira de Política Social ten anunciado en diversas ocasións os novos modelos de centros residencias para persoas maiores, baseados na proximidade aos lugares de residencia, na humanización dos centros, adaptadas aos avances tecnolóxicos, reforzados na coordinación sociosanitaria e cun plan de melloras estruturais.

O concello de Narón ten 38.938 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo IGE correspondentes a 2022, é dicir, é a oitava cidade por número de habitantes de Galicia; dos que 8.388 persoas teñen máis de 64 anos, é dicir, case o 22 % da súa poboación, mentres só conta con 30 prazas residenciais para persoas maiores nun centro concertado. Polo que é fundamental que os veciños e veciñas de Narón conten cunha residencia para persoas maiores pública, que evite o éxodo dos seus habitantes cara a outros núcleos de poboación que dispoñen deste tipo de recursos con prazas libres, normalmente de carácter privado e cuns prezos inasumibles.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego levar a cabo inmediatamente as actuacións necesarias para a construción dunha residencia pública para persoas maiores que dea resposta á demanda existente deste servizo no concello de Narón?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2023 19:24:08

Marina Ortega Otero na data 15/03/2023 19:24:27

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2023 19:24:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o acceso ao polígono de Areas nas obras da vía rápida Tui-A Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O polígono de Areas naceu hai varios anos cun problema de acceso que dificultou o seu desenvolvemento. Trátase dunha superficie con acceso moi estreito que obrigaba en moitas ocasións a acceder a través dun centro comercial contiguo.

Esta situación motivou que na parroquia de Areas se leven producindo dende hai anos tapóns que colapsaban o acceso tanto á zona comercial como á zona industrial, sen que, a pesar das demandas veciñais, se contemplase ningunha medida para solucionar esta situación.

A veciñanza de Areas, de Randufe e do propio núcleo de Tui, entenderon que este problema podería solucionarse coas obras da vía rápida Tui- A Guarda, xa que cun investimento inicial previsto de 21 millóns de euros, ninguén entendía que non se resolvese un dos principais problemas que existían como era o da accesibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, inexplicablemente, lonxe de se habilitar solución algunha para este acceso, nestas obras que promove o goberno galego habilitouse un paso para o polígono industrial de escasos 8 metros, nos que a duras penas pode cruzar un turismo con outro.

Unha simple visita ao lugar é dabondo para que calquera ollada sensata se decate que estamos ante unha actuación absolutamente esperpéntica. Estamos a falar dunha obra na que se levan investido, a día de hoxe, 33 millóns de euros, e que, de non se habilitar unha rectificación inmediata no que ten a ver co acceso, hipotecará o futuro da mobilidade de miles de veciños da contorna e do propio polígono industrial de Areas.

Ante esta situación, a veciñanza de Tui, de Randufe, de Areas e outros núcleos afectados, levan meses demandando unha solución para un paso digno neste vial. Ninguén entende que despois dun investimento millonario, a única solución que se contemple é un paso subterráneo de dobre sentido, e cunha beirarrúa ridícula de escasos 50 cm.

Pero estas obras e os movementos de terra que levan parellas, motivaron tamén que se produzan asolagamentos e balsas de auga en varios núcleos da contorna, sen que ata o de agora, o goberno galego habilítase ningún tipo de solución.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten pensado a Xunta de Galiza habilitar algunha solución que garanta un acceso apropiado ao polígono de Areas nas obras que se están a realizar da vía rápida Tui-A Guarda?

Vai o goberno galego levar adiante medidas de bombeo e canalización das augas para evitar os asolagamentos que está a denunciar a veciñanza por causa dos movementos de terra?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2023 17:00:04

Alexandra Fernández Gómez na data 16/03/2023 17:00:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/03/2023 17:00:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os vertidos nucleares na Foxa Atlántica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Foxa Atlántica están depositadas 140.000 toneladas de residuos nucleares, que foron depositados neste emprazamento entre 1949 e 1982 nun total 220.000 bidóns. Pese a que segundo ten recoñecido a Comisión son os Estados Membros os responsables de controlar a radioactividade das súas augas, o Estado español non ten abordado especificamente ningún plan de control da radioactividade nesta zona aducindo que eses depósitos están fóra das súas augas.

Neste ano 2022 cumpríronse 40 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2012 o Congreso rexeitou, cos votos do PP, unha petición do Bloque Nacionalista Galego para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

No ano 2018 o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

En marzo de 2018 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei na que se pedía que a Xunta de Galicia que se dirixise ao goberno de España para que fixese as xestións pertinentes diante da UE e dos países responsábeis dos vertidos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga as xestións pertinentes ante as institucións europeas e os países responsables dos vertidos, que permitan asegurar a vixilancia dos vertidos nucleares na Foxa Atlántica así como obter información que garanta que non están tendo impacto no medio ambiente, e a realizar todas as xestións políticas ao seu alcance para conquistar estes obxectivos”

Segundo explicou a Comisión Europea en resposta a unha pregunta formulada pola portavoz do BNG en Europa Ana Miranda, no primeiro semestre de 2021 a Comisión Europea desenvolvería a verificación do seguimento da radioactividade do medio mariño na costa galega e cantábrica. Inicialmente, a misión de verificación estaba prevista para o 2020, mais a situación de pandemia provocou que a Comisión aprazase a verificación até o primeiro semestre de 2021.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente o control fíxose en outubro de 2021, e recentemente tívose coñecemento da información enviada pola Comisión Europea. As autoridades europeas sinalan que “as actividades de verificación realizadas demostraron que as instalacións necesarias para o control dos niveis de radioactividade do medio mariño do litoral galego e cantábrico son axeitadas” e que se comprobou “o funcionamento e a eficacia dunha parte representativa destas instalacións”. Así e todo, a Comisión constata que a verificación de todo tipo de control dos vertedoiros na foxa atlántica queda fóra do ámbito de aplicación das normas europeas.

Ademais, a Comisión enviou o informe técnico da supervisión realizada, no que se sinala que a Comisión Europea non ten previsto ningún programa de avaliación e seguimento da situación dos bidóns con 140.000 toneladas de residuos radioactivos. O informe tamén sinala que os bidóns están en augas internacionais, que se coñecen as ubicación e profundidades aproximadas e que “se descoñece o estado técnico destes obxectos”. Finalmente o documento inclúe unha serie de recomendación ao estado español para mellorar o seguimento da biota e dos produtos extraídos do mar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que xestións fixo o goberno galego para dar cumprimento ao acordo do parlamento de 2018 sobre a vixilancia dos vertidos nucleares da Foxa Atlántica?

Como valora o goberno galego o informe enviado pola Comisión Europea logo da verificación levada a cabo en outubro de 2021?

Ten previsto a Xunta dirixirse ao goberno central e ás autoridades europeas para demandar *que se faga unha avaliación e seguimento do estado dos bidóns con residuos radioactivos depositados na Foxa Atlántica?*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta dirixirse ao goberno central para demandar que mellore os protocolos de análise das mostras e leve a cabo un seguimento anual da mostraxe dos produtos mariños máis producidos na área?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2023 17:05:57

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2023 17:06:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Concello de Castrelo de Miño forma parte da comarca do Ribeiro, consta de sete parroquias e actualmente ten 1315 habitantes.

Trátase dun concello cun atractivo turístico importante pola súa paisaxe, que se pode admirar practicando actividades acuáticas no seu embalse, rodeada de relevo montañosos onde se cultiva a recoñecida Denominación de Orixe Ribeiro, que ocupa case todas as ladeiras aproveitando as pendentes soleadas, na maior concentración de cultivo.

A actividade vitivinícola é predominante no concello, con 10 bodegas e 14 colleiteiros. Castrelo ademais conta cun patrimonio cultural e histórico con arquitectura relixiosa do século XII.

O Grupo Municipal Socialista de Castrelo de Miño leva anos elaborando propostas construtivas e traballadas para a mellora da calidade de vida da veciñanza. Lamentablemente hai uns meses tiveron que denunciar ante a Valedora do Pobo, Fiscalía e o Instituto Nacional de Estatística empadroadamentos masivos en inmobles inhabitables, algúns segundo indican propiedade de concelleiros da corporación municipal. En concreto, só no último trimestre 46 novas altas no padrón con indicios de numerosas irregularidades. Tendo en conta que Castrelo ten 1315 habitantes no censo, e que o INE revisa



de oficio dende 20 altas ao momento en concellos de menos de 2000 habitantes, é significativo o que está a suceder en Castrelo de Miño.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego destes empadroadamentos masivos en inmobles inhabitables no Concello de Castrelo de Miño?

Santiago de Compostela, 15 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/03/2023 17:19:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2023 17:20:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/03/2023 17:20:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de redeseñar os novos accesos ao CHUAC para que estes cumpran coa normativa de accesibilidade e eliminen a afectación patrimonial ao Pazo de Guyatt.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reforma que se prevé levar a cabo no CHUAC leva acompañado unha reformulación dos viais de acceso a este hospital.

Tal e como recollían as alegacións veciñais presentadas, a proposta inicial viuse modificada en parte, debido ao negativo impacto que este proxecto pode xerar ao pé da Ría do Burgo, cun importante valor paisaxístico e ambiental, que ademais está nesta altura en fase de dragaxe, rexeneración e recuperación como primeiro paso indispensable para recuperar o gran banco marisqueiro que foi e debe volver ser.

Asemade, advertían tamén das dificultades engadidas por estar situado este hospital nun espazo en alto, sometido a trazados pendentes para o seu acceso e tamén para a comunicación interior entre os edificios actuais e os actualmente en proxecto de construción, que van acrecentar o efecto de apantallamento e deterioro ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Semella que no deseño dos accesos non se priorizan as condicións que precisa unha infraestrutura para a saúde das persoas, senón unicamente o desllocamento de coches privados.

O chamado novo CHUAC vai supor a concentración de servizos e de moitísimas doentes e acompañantes que acoden a consultas ou a probas médicas, mais tamén de miles de persoas que acoden diariamente ao seu centro de traballo. Isto xustifica a importancia de analizar as necesidades de mobilidade para ofrecer unha alternativa de transporte público que garanta que toda a poboación, independentemente dos seus recursos e de se dispón ou non de vehículo privado, poida acceder a esta nova infraestrutura, para alén de favorecer que, quen queira, poida acceder en medios de transporte brandos como a bicicleta, o que implica o deseño de accesos seguros.

E, por suposto, tense que permitir que a xente poida acceder a pé ao novo CHUAC, o máis saudábel dos medios de transporte que existen. Se os accesos non conteñen espazos seguros e amábeis para camiñar, o acceso peonil estará practicamente vetado como acontece actualmente.

Os novos accesos ao CHUAC xeran viais e percorridos con pendentes de até 17,8 %, outras dun 15,60%, outras do 13%, outras do 12% e outras do 10,5%: porcentaxes todas moi lonxe do 6% que é o máximo fixado pola normativa de accesibilidade.

Co proxecto de accesos ao novo CHUAC queda, pois, sen atender o necesario respecto á accesibilidade universal dos usuarios desta infraestrutura hospitalaria, central para A Coruña e a comarca, e polo tanto restrínxese o dereito dunha parte da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación a acceder a un servizo sanitario básico, ao que moitas veces teñen que acudir obrigatoriamente, impedindo que o fagan de xeito autónomo.

Por outra banda, os novos accesos afectan ao Pazo de Guyatt, situado nas Xubias de Abaixo, que conta cun Nivel de Protección II no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) da Coruña e está incluído na listaxe no Inventario de Pazos da Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.

Conta cun escudo de armas do século XVIII, vencellado cos Cotón de Castro, e ten a consideración de Ben de Interese Cultural en si propio segundo o que establece a lexislación galega en materia de Patrimonio.

O proxecto de accesos ao CHUAC supón unha agresión á contorna do edificio do Pazo ao ter afección sobre os seus muros e a súa vexetación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Entende o goberno galego que os accesos ao novo CHUAC garanten a accesibilidade universal tanto a pacientes e acompañantes como a traballadoras do hospital?
- Prevé a Xunta revisar o proxecto de novos accesos ao CHUAC para atender este criterio?
- Como valora que as pendentes dos novos viais fiquen moi lonxe do 6% que é o máximo fixado pola normativa de accesibilidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comprométese a ofrecer alternativas saudábeis para o desllocamento ao CHUAC?
- Van redeseñar os accesos para que estes cumpran coa normativa de accesibilidade?
- Que valoración fai o goberno da afectación patrimonial das obras dos novos accesos ao CHUAC ao Pazo Guyatt?
- Vai a Xunta estudar a posibilidade de eliminar a afectación ao Pazo de Guyatt para conservalo conforme corresponde coa súa catalogación patrimonial?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2023 17:24:42

Alexandra Fernández Gómez na data 16/03/2023 17:24:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2023 17:24:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após de meses nos que Ourense estivo privada de instalacións fixas nas que poder realizar extraccións de sangue debendo realizarse nunha unidade móbil situada no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, na que ademais de incomodidades e limitacións propia da escaseza de espazo, se imposibilitaba a utilización dos sistemas máis eficaces para o aproveitamento; a Xunta de Galiza ven de inaugurar un novo un local para a realización de extraccións de sangue.

O local recentemente inaugurado vai permitir restablecer a realización de extraccións por medio de sistemas como a aférese que permitirán unha maior eficacia nas doazóns de sangue, así como incrementar as posibilidades de extracción das doantes. A peche das instalacións da Axencia de Doazóns de Órganos e Sangue no CHUO e a pesares da exemplar solidariedade da cidadanía ourensán, provocou a carencia de reservas sanguíneas dos grupos A+, A- e O+ obrigando á suspensión de diversas operacións cirúrxicas.

O local do servizo de doazón de sangue inaugurado pola Xunta de Galiza está fora do CHUO, nunha céntrica praza de Ourense con limitación á circulación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vehículos a motor, e nun inmovible de titularidade privada contratado en réxime de aluguer.

Son numerosos tanto as profesionais, como as doantes que consideran necesario que os servizos de doazón de sangue e órganos estean nas instalacións do CHUO, tanto para a axilizar a xestión das eventuais emerxencias, como o transporte dos produtos farmacéuticos ou para facilitar o acceso das doantes, ignorando se o centro aberto hai escasos días ten vocación de permanencia ou é unha solución conxuntural.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Por que razón a Xunta de Galiza non cedeu a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue un local nas instalacións do CHUO para practicar as extraccións?

Considera a Xunta de Galiza que dentro do inmovible do Hospital Santa María Nai non existen dependencias que se puideran acondicionar para o servizo de doazón de sangue?

Entende a Xunta de Galiza que presenza dos servizos de doazón de sangue no CHUO facilitaría a atención de eventuais emerxencias, así como o transporte dos produtos necesarios para o servizo?

En que medida considera a Xunta de Galiza que a ocupación do dominio público e as restricións á circulación de vehículos pode incidir na prestación do servizo?

Quen é a propietaria do local alugado e cal é o importe do contrato e a duración do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que outros locais valorou a Xunta de Galiza para a prestación do servizo?

Cal era o custe mensual das instalacións nos que nos exercicios 2018,19 ou 2020 se viñan realizando as extradicións?

A reforma do centro de saúde Novoa Santos contempla a dotación de instalacións nas que practicar doazóns de sangue?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/03/2023 17:49:14

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2023 17:49:25

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2023 17:49:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2023 17:49:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras a pandemia da COVID-19, a saúde mental foi unha das gran damnificadas, cun importante impacto entre a mocidade. Este virus cambiou por completo a nosa forma de relacionarnos contribuíndo tamén a afondar a situación precaria a nivel socioeconómico que padece a xente nova a nivel mundial. Mais a pandemia non veu só a agravar a situación, senón que tamén deixou en evidencia o feito de que se a atención á saúde mental que se proporcionaba previamente desde o sistema sanitario público era insuficiente, agora vese claramente desbordada para atender a esta nova situación. No ano 2021, foron 331 as persoas que en Galiza faleceron por suicidio, das cales 24 non chegaban aos 30 anos. Esta é a causa de morte externa máis frecuente na mocidade, tanto a nivel galego coma a nivel estatal. Neste senso, a atención á saúde mental da poboación máis nova debe ser prioritaria.

A unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA é a de referencia para as case 40.000 persoas menores de idade que viven nesta provincia. A pesar desta grande poboación, esta unidade conta cun cadro de persoal extremadamente reducido: unicamente dúas psiquiatras, dúas psicólogas, dúas enfermeiras, unha terapeuta ocupacional e unha traballadora social. Esta reducida dotación de persoal, inferior a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras que teñen unha poboación de referencia similar, supuxo que, por exemplo, durante todo o verán de 2022 non estiveran operativas as consultas externas da unidade por mor do período vacacional, ou que non se conte con cifras pormenorizadas dos procesos asistenciais que permitan avaliacións do servizo ou das pacientes que están actualmente no hospital de día, entre outros, por non contar con persoal administrativo.

No hospital de día desta unidade só están unha psiquiatra, unha enfermeira e unha terapeuta ocupacional, e a pesar disto prestan asistencia a 20 pacientes e as súas familias, desenvolvendo grupos de traballo, por exemplo, de asistencia aos trastornos da conduta alimenticia ou aos trastornos mentais graves. Resulta evidente que esta asistencia se leva a cabo a costa dunha importante carga laboral para as traballadoras, mais que ten demostrado efectividade, por exemplo, ao ter evitado ingresos posteriores das pacientes con TCA que foron tratadas no hospital de día. Tampouco non existe ningún circuío ou canle para a admisión de pacientes neste hospital de día nin un protocolo de seguimento posterior ás altas, nin tampouco contan cun espazo axeitado para realizar a asistencia, o que vén dificultar máis aínda o traballo diario destas profesionais. A falta de persoal resulta un factor limitante para incrementar o número de pacientes que reciben atención, mais tamén para a propia asistencia que se lle pode dar ás que si que a reciben e ás súas familias.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa a unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA? Considera que a dotación de persoal é suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que opinión lle merece ao goberno a falta de circuítos de entrada e saída do hospital de día infanto-xuvenil? Considera que se está a facer un bo seguimento das pacientes que reciben a alta?

– Contan con cifras e datos das pacientes que reciben asistencia nesta unidade e de cales son as listas de espera? De ser así, cales son os datos?

– Considera que a saúde mental da poboación infanto-xuvenil de Lugo está ben atendida?

– Cales son as medidas que están previstas para mellorar esta atención?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Carmen Aira Díaz

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2023 17:59:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2023 17:59:34

María del Carmen Aira Díaz na data 16/03/2023 17:59:43

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2023 17:59:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o abuso por parte do Sergas dos contratos menores e negociados sen publicidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o balance de contratación pública da Xunta correspondente ao ano 2022 feito público pola Consellaría de Facenda, a administración autonómica licitou 2.233 millóns de euros en contratos, dos que 983 millóns de euros foron pola vía de contratos menores e negociados sen publicidade, é dicir, contratos abertos, que limitan a competitividade entre as empresas, xa que non son procedementos abertos a calquera empresa interesada.

Segundo a Lei de Contratos do Sector Público os contratos menores son procedementos cun máximo de 40.000 euros se son contratos de obras e 15.000 se son subministracións ou servizos.

Segundo a información facilitada o Sergas copou 1.191 millóns do total de contratación, dos que case o 75% correspóndense con contratos menores (56,8%) e negociados sen publicidade (17,7%) ata sumar 889 millóns de euros, o 90% de todos os contratos.

Unha cifra que non fai máis que aumentar, 165 millóns máis en contratación e 233 máis en contratos menores, toda vez que no ano 2021, **o Sergas foi responsable de**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.026 millóns en licitacións das que case o 64% correspondeu a contratos menores,
o que supón 656 millóns.

Non parece xustificado o elevado volume de contratos menores que realiza o Sergas, que incluso sexa superior aos realizados en plena pandemia, onde podía estar xustificada pola excepcional da situación e a necesidade de contratar servizos ou mercar subministrados non planificados.

O Consello de Contas xa ten advertido nos seus informes de fiscalización o uso indiscriminado da contratación directa, do fraccionamento de contratos que polo seu elevado importe terían que ser adxudicados a través de concursos públicos abertos á competencia, todo o cal evita o control do diñeiro público.

É preciso poder fiscalizar como se usan, o destino, dos cartos públicos. Estes contratos son moi difíciles de fiscalizar, toda vez que no portal web da plataforma de contratos da Xunta, os filtros son moi limitados para discriminar por tipo de contratos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Cal é a razón para que o Sergas realice tan elevado número de contratos menores e negociados sen publicidade e de orzamento?

Que xustificación ten que este tipo de contratos e o volume de orzamento sexa maior que nos anos de pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parécelle que este elevado número de contratos menores e negociados sen publicidade permiten a fiscalización dos cartos públicos e transparencia esixíbel a unha administración pública?

Non lle parece preciso presentar un informe no Parlamento Galego no que consten a totalidade dos contratos menores e negociados sen publicidade realizados polo Sergas no ano 2022 por un importe de 889 millóns de euros, para permitir a fiscalización dos mesmos?

Vai realizar unha auditoría externa sobre os contratos menores e negociados sen publicidade realizados polo Sergas nos últimos cinco anos?

Non lle parece preciso realizar modificacións na web da plataforma de contratos da Xunta, de xeito que se introduzan os filtros que sexan necesarios para facilitar a localización e consulta dos expedientes e a discriminación por tipo de contratos?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2023 18:04:58

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2023 18:05:03

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2023 18:05:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o desmantelamento da unidade móbil da CRTV e a subcontratación externa do mesmo servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección da CRTVG comunicou o pasado 10 de febreiro ao Comité de empresa que a única estación transportábel de directos propia do ente público “non está en uso desde o 1 de xaneiro, sen que o destino ou a asignación de novas funcionalidades se teña determinado polo momento”.

Na actualidade, e segundo denuncian as forzas sindicais só están a traballar para a TVG dúas unidades de directos subcontratadas á empresa Overón, xunto cunha vía de reserva por mochila 4G e o segmento espacial asociado, por un importe que supera o millón de euros”. En marzo de 2022 a dirección da Corporación prorrogou o contrato coa filial do grupo Mediapro con data de inicio o 1 de xullo de 2022 e até o 30 de xuño de 2023.

A unidade propia da CRTVG, que opera desde 2011, renovouse en 2019 cun investimento de arredor de 20.000 euros nun codificador novo de dúas vías, outros 8.000 euros en 2021 nunha actualización de oito audios e 4.000 euros en mecánica do vehículo en 2022. “Un total de 32.000 euros empregados nun servizo que agora se suprime, cando se acaba de actualizar para funcionar en HD”, manifestan desde a CIG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG queremos lembrar que a Lei de Contratos do Sector Público, no seu artigo 116.4, dispón que na contratación de servizos os expedientes deberán xustificar axeitadamente o informe de insuficiencia de medios.

Se atendemos a esa norma costa entender que a dirección da CRTVG optase pro suprimiren a súa propia unidade de directos, na que viña de investir tanto diñeiro, en lugar de reduciren o custo e o obxecto do contrato con Overon, prescindindo cando menos dunha das súas estacións móbiles.

De feito, se acudimos ao informe de insuficiencia de medios adxunto ao expediente de contratación atopámonos con importantes inconsistencia e vaguidades. Ao noso modo de ver ese informe adoece de sustento argumental, máis aínda se consideramos o feito de que a propia CRTVG suprimiu un servizo renovado que si podería cubrir esa función, e que decidiu suprimir. A non dispoñibilidade de medios propios é unha mera declaración, non unha verdadeira xustificación ben sustentada con soporte documental ou informes económicos do custo que suporía a prestación con medios propios.

Polo mesmo motivo só entendemos esta contratación no contexto do desmantelamento progresivo do servizo público de radiotelevisión que a CRTVG vén aplicando desde 2009.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Como xustifican a retirada da unidade móbil propia da CRTVG mentres que levan a cabo unha externalización coa contratación de dúas unidades externas?
- Consideran que están a facer unha boa xestión dos recursos públicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Influíu nesta contratación o feito de que o actual subdirector de Medios da CRTVG ocupar, entre xuño de 2016 e marzo de 2021, a Dirección Comercial de Overon?

- En que modo afecta esta externalización de directos ás funcións relacionadas cos dereitos fundamentais a comunicar e recibir libremente información veraz e ao mantemento das obrigas de defensa do interese xeral?

- Fai parte esta externalización do proceso de desmantelamento da CRTVG posto en marcha por esta dirección xeral?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/03/2023 12:13:19

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2023 12:13:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2023 12:13:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG**.

Diante da situación insostible que están a vivir as e os profesionais da CRTVG, con ordes de manipulación de informacións e traslados forzosos a outros postos de traballo a quen non comulgue con eses mandatos, hai unhas semanas decidiron convocar unha serie de paros e folgas baixo o lema ‘Non máis abusos’, cuxa primeira convocatoria foi o 6 de marzo.

Con estes paros denuncian “un clima laboral insostible marcado pola marxinação laboral, o trato degradante, a denegación de dereitos e as sancións e represión ao persoal crítico coa manipulación e o desmantelamento do servizo público”.

Para continuar co establecemento do calendario de protestas, o Comité Intercentros tiña convocadas dúas asembleas para os días 9 e 11 de marzo, que o Departamento de Recursos Humanos prohibiu argumentando que non tiñan transcorridos dous meses dende a anterior, nunha decisión inaudita que nunca se tiña producido ata o momento e que só vén confirmar a escalada de represalias da dirección da CRTVG contra o seu persoal.

O propio Colexio Oficial de Xornalistas dirixiuse o pasado 21 de febreiro ao director xeral da CRTVG para dar conta das múltiples queixas e solicitudes de amparo que lles chegaran sobre traslados forzosos e inmediatos de persoal entre os diferentes postos de redacción da corporación e pedir explicacións.



Como resposta só obtiveron unha misiva na que se lles indicaba que o Colexio non é ningún órgano ao que a dirección da RTVG teña que dar conta.

Xa que a Comisión de control e seguimento da CRTVG si é un órgano no que a CRTVG ten que dar conta sobre as decisións que adopta, preguntamos:

1. Que valoración fai da convocatoria de folgas por parte do persoal traballador que deu comezo o 6 de marzo?
2. Cal é a razón de prohibir a celebración de asembleas do persoal nas súas instalacións, nunha decisión inaudita na CRTVG? Por que xustamente agora as prohiben?
3. Cales son exacta e realmente as razóns que xustifican as mudanzas forzosas e inmediatas de postos de traballo de determinados profesionais?
4. Cre que “cuestións de operatividade” é un argumento crible tendo en conta os efectos negativos sobre a información que teñen eses movementos de persoal?
5. Por que non recoñecen que eses traslados son simplemente represalias exemplarizantes contra traballadoras e traballadores?
6. Sendo o Colexio Profesional de Xornalistas unha entidade que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, cal é a razón de que a dirección xeral da CRTVG non queira contestar ás preocupacións que lle traslada?
7. Cando van parar con esta ofensiva de represalias contra o persoal traballador?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2023 13:12:58
Nº Rexistro: 51248
Data envío: 10/03/2023 13:12:58.296

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/03/2023 11:42:27

Noelia Otero Lago na data 10/03/2023 11:42:43

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

071 Madrid

186233

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as baixas laborais entre o persoal da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira recorrente tanto as organizacións sindicais como o comité intercentros no seu conxunto, denuncian o deterioro do clima laboral que se está producindo na CRTVG.

Dentro dese deterioro e dun ambiente que, afirman, se volve cada vez máis insoportable, aseguran que se están a producir baixas laborais por cadros de ansiade e outras doenzas relacionadas coa saúde mental e emocional das traballadoras e traballadores.

Desde a dirección da CRTVG négase que isto sexa así.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego é importante coñecer a verdade apoiada en datos. Neste senso, sabedoras de se tratar de información extremadamente sensible e confidencial por se referir ao ámbito médico do persoal, tamén consideramos importante que protexendo a devandita confidencialidade, coñecer a incidencia de baixas laborais por razóns de estrés, ansiedade, etc. como medidor do clima laboral que se respira nos medios públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cantas persoas (en número) se atopan de baixa laboral por razón de estrés, ansiedade ou outras doenzas de idéntica natureza?
- Que porcentaxe representa no conxunto de baixas laborais? Que porcentaxe no conxunto de traballadoras e traballadores?
- Cal foi a evolución destas baixas laborais nos últimos cinco anos? E nos últimos dez?
- Existe unha área ou departamento da CRTVG que posúa unha maior incidencia?
- Adoptou ou pensa adoptar algunha medida a CRTVG para previr estas baixas laborais? E para abordar as causas das mesmas?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2023 16:09:17

María González Albert na data 16/03/2023 16:09:22

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2023 16:09:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado luns 13 de marzo, Mayte Cabezas atopouse cunha carta na mesa na que se comunicaba o seu traslado obrigatorio á Radio Galega despois de máis de 30 anos como xornalista e cara visible como presentadora na TVG. Ante a ausencia de explicacións para tan abrupto cambio, a presentadora considera que se trata dunha nova represalia en forma de traslados forzosos como a que destacados e destacadas xornalistas da CRTVG sofren nestas últimas semanas. A xornalista ademais dunha cara recoñecida cunha longa traxectoria profesional na TVG, é filla dunha vítima do terrorismo dos Grapo no ano 1989.

O traslado prodúcese pouco despois de que no marco do aniversario do asasinato, Mayte fora entrevistada o 7 de marzo na Cadena Ser. Poucos días despois no marco do 11 M e tras escoitar declaración de Alberto Núñez Feijóo sobre o compromiso con todas as vítimas do terrorismo, Mayte publica nas súas redes sociais unha crítica sobre os incumprimentos coas vítimas de Alberto Núñez Feijóo na súa etapa como presidente da Xunta de Galicia.

Lembra que no ano 2019, durante unha homenaxe da Garda Civil o por aquel entón presidente do Goberno galego comprometeuse persoalmente con ela, segundo relatou a propia xornalista, á posta en marcha inmediata dunha lei de apoio ás vítimas do terrorismo. “Non hai lei nin se lle espera” censurou esta filla dun asasinado con toda lexitimidade como afectada “*mentres que noutras comunidades si*”. A presentadora opina no seu muro persoal de Facebook “con



maioría absoluta deu as costas sistematicamente ás vítimas” e dous días despois o 13 de marzo, cando chegou ao seu posto de traballo na TVG, recursos humanos comunicáballe que pasaría a traballar na radio. A explicación e motivos logo de máis de 30 anos non chegan e os seus responsables directos trasladan que “son ordes superiores”. Mayte Cabezas non atopa outra explicación ao ocorrido que o castigo por criticar a Feijóo.

“Formeime durante 30 anos en televisión. Ata o mes pasado. Teño máis de 50 anos e non sei facer nada na radio. É unha incompreensión total, e as maneiras, unha falta de respecto a 30 anos de servizo público”. Este traslado súmase aos producidos e denunciados nas últimas semanas de profesionais con dilatada e contrastada experiencia que se negaron a manipular a favor do Partido Popular. Esta é unha das razóns das mobilizacións e calendario de folga convocado na CRTVG. Tal é a situación e o clima laboral de persecución que xa quedara acreditado nunha sentenza do TSXG que ratifica en firme unha sentenza anterior constatando a existencia de “represalias” censura e vulneración dos dereitos fundamentais dun traballador pola defensa da súa independencia e posicionamento no movemento Venres Negro contra a manipulación da CRTVG. A isto súmase o chamamento e preocupación expresados desde a o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: “pola deterioración das relacións laborais que se está a producir na Corporación Radiotelevisión de Galicia. No último mes, foron múltiples as queixas e solicitudes de amparo que chegaron a este colexio sobre traslados forzosos e inmediatos de persoal entre os diferentes postos de redacción da corporación.

A isto sumouse a pasada semana o anuncio de limitacións para a celebración de asembleas do persoal nas instalacións da CRTVG”. Por todos estes motivos, o 21 de febreiro, o Colexio de Xornalistas enviou unha carta ao Director de Recursos Humanos da CRTVG, solicitándolle unha exposición detallada das razóns que xustificarían as mudanzas de postos de traballo malia aos efectos nocivos para a información da cidadanía e a estabilidade do cadro de persoal. A resposta de



Víctor Tubío Villar foi que estas valoracións lle correspondían á dirección executiva da Corporación, polo que, ao día seguinte, o Colexio elevou a súa petición ao Director Xeral. Nunha carta recibida no Colexio o 8 de marzo, Alfonso Sánchez Izquierdo declinou facilitar información sobre o particular, asegurando que a dirección xa dá conta das decisións ante o Consello de Administración, o Parlamento de Galicia ou o Consello de Contas de Galicia. or todos estes motivos, o 21 de febreiro, o Colexio de Xornalistas enviou unha carta ao Director de Recursos Humanos da CRTVG, solicitándolle unha exposición detallada das razóns que xustificarian as mudanzas de postos de traballo malia aos efectos nocivos para a información da cidadanía e a estabilidade do cadro de persoal. A resposta de Víctor Tubío Villar foi que estas valoracións lle correspondían á dirección executiva da Corporación, polo que, ao día seguinte, o Colexio elevou a súa petición ao Director Xeral. Nunha carta recibida no Colexio o 8 de marzo, Alfonso Sánchez Izquierdo declinou facilitar información sobre o particular, asegurando que a dirección xa dá conta das decisións ante o Consello de Administración, o Parlamento de Galicia ou o Consello de Contas de Galicia. Ante a negativa a xustificar a difícil posición na que se están a colocar os medios públicos galegos, e como entidade de dereito público creada pola lei 2/1999 do Parlamento de Galicia e que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia dirixiuse entón ao Consello de Administración da CRTVG, aos distintos grupos parlamentarios galegos, e a todos os membros da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, para solicitarlles que trasladen pola vía correspondente a inquiredanza e as demandas deste Colexio. Desde o Colexio de Xornalistas “vese ademais con inquietude o detrimento da calidade da información que poden causar as mudanzas non negociadas de postos de traballo, realizadas de xeito automático, entre medios tan distintos como os que integran a CRTVG, con linguaxes, técnicas e especificidades propias”.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son, exacta e realmente, as razóns que xustificarían as mudanzas forzosas e inmediatas de postos de traballo de determinados profesionais?
2. Por que non recoñecen que eses traslados son simplemente represalias exemplarizantes contra traballadoras e traballadores?
3. Sendo o Colexio Profesional de Xornalistas unha entidade que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, como valoran a preocupación e denuncia sobre o que consideran tamén traslados forzosos e deterioración das relacións laborais?
4. O Colexio de xornalistas, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha sentenza firme, sindicatos e demais, comparten e acreditan que na CRTVG existe censura, represalias e vulneración dos dereitos fundamentais das e dos profesionais? Segue a Xunta a negar e menosprezar a manipulación constatada cada vez por máis voces independentes?
5. Considera xustificado que profesionais con 20 e 30 anos de experiencia sexan vítimas de traslados forzosos a postos de traballo que non teñen nada que ver coas súas destrezas, currículo e que mesmo afectan a equipos máis grandes que se ven afectados como no caso de Mayte Cabezas?
6. Consideran que é casual que, en todos os casos de traslado forzoso e abrupto, haxa incidentes relacionados con informacións ou opinións que afectan ao Partido Popular?
7. Considera respectar a profesionalidade e dedicación de décadas de profesionais traslados forzosos sen mediar argumentos nin explicacións?
8. Porque se responden a cambios naturais ningún responsable ten trasladado explicacións concretas ás vítimas dos mesmos?

Santiago de Compostela, 15 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2023 16:30:29
Nº Rexistro: 51561
Data envío: 16/03/2023 16:30:29.753

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/03/2023 16:24:06

Noa Susana Díaz Varela na data 16/03/2023 16:24:15

Paloma Castro Rey na data 16/03/2023 16:24:37

Pablo Arangüena Fernández na data 16/03/2023 16:25:51

CSV: BOPGDSPG-ciHpor3Ln-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
186241

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

